


# **PROXECTO LECTOR DE CENTRO**

## **CPI PLURILINGÜE CABO DA AREA 2016/17**



# ÍNDICE

PRESENTACIÓN

XUSTIFICACIÓN LEGAL

ALGÚNS ASPECTOS COMÚNS PARA AS TRES ETAPAS EDUCATIVAS PRESENTES  
NO CPI CABO DA AREA

ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA NO CENTRO CON RESPECTO Á LECTURA  
E Á ESCRITURA

RECURSOS MATERIAIS E HUMANOS

NECESIDADES DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

A LECTURA NA ETAPA DE INFANTIL

A LECTURA NA ETAPA DE PRIMARIA

A LECTURA NA ETAPA DE SECUNDARIA

OBXECTIVOS, FUNDAMENTOS E ORGANIZACIÓN

INTERVENCIÓNS

CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

ANEXOS

BIBLIOGRAFÍA E OUTRA DOCUMENTACIÓN CONSULTADA E DE REFERENCIA

# PRESENTACIÓN

Un Proxecto lector é un documento que integra todas as intervencións do centro destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades informativas; procurando a adquisición das competencias clave, especialmente a competencia en comunicación lingüística, a dixital, a de expresión cultural e a de aprender a aprender.

O presente documento forma parte do Proxecto Educativo de Centro e debe servir como base para a elaboración dos Plans Anuais de Lectura dos vindeiros cursos, que á súa vez formarán parte da Programación Xeral Anual. É, polo tanto, un primeiro nivel de concreción dentro da documentación de fomento da lectura no centro.

Servirá tamén como marco ao plan anual da Biblioteca e ás aportacións ao fomento da lectura no centro que cada Departamento faga nas súas programacións.

Ten unha validez de catro anos, transcorridos os cales deberá ser revisado para actualizalo ás novas necesidades do centro. É un documento a medio prazo que se verá complementado cos plans anuais de lectura. Mais é tamén un documento aberto, isto é, se fose necesario poderá ser modificado con anterioridade.

As liñas que aquí se propoñen son de carácter moi xeral e teñen como centro do fomento da lectoescritura a nosa biblioteca, xa que será o recurso fundamental para a súa posta en marcha. Pretenden servir para sistematizar as diversas propostas do profesorado e deberán ser concretadas en todas as materias e niveis a través das programacións.

Queremos aproveitar o documento como punto de partida para deixar patentes diversos procesos de traballo que deberán ser levados a cabo nos próximos cursos arredor da adquisición e a promoción da lectoescritura.

# XUSTIFICACIÓN LEGAL

O presente Proxecto Lector está enmarcado dentro das propostas de fomento da lectura recollidas na Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa, de 2014, que modifica o disposto na Lei Orgánica de educación de 2007. E que para a nosa Comunidade concretouse para a educación primaria no decreto 105/2014, do 4 de setembro, que no seu artigo 15.4 di: "A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; (..) Co fin de fomentar o hábito da lectura, os centros docentes organizarán a súa práctica docente de xeito que se garanta a incorporación **dun tempo diario de lectura non inferior a trinta minutos.**"; no seu artigo 11.1 di: "Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das disciplinas de cada curso, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballarase en todas as disciplinas".

E para a secundaria, no decreto 86/2015, do 25 de xuño, que no seu artigo 4 di: "A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballarase en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa" e no artigo 11.7 explicita que "Coa finalidade de promover a comprensión de lectura e de uso da información, **dedicarse un tempo á lectura na práctica docente de todas as materias**".

**Partindo destes dous breves extractos, podemos xa tirar as nosas primeiras conclusións sobre o enfoque que debe recoller este documento: a lectura, e as estratexias para a súa comprensión, debe ser traballada de maneira sistemática e desde todas as áreas de coñecemento.**

A LOMCE recolle tamén, con respecto á etapa de primaria que "A finalidade da Educación Primaria é facilitar aos alumnos e alumnas as aprendizaxes da expresión e comprensión oral, a lectura, a escritura" (Artigo 16.2) e que "A

educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nenas as capacidades que lles permitan: (...) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua castelá e, se a houber, a lingua cooficial da Comunidade Autónoma e desenvolver hábitos de lectura.” (Artigo 17)

E referido á ESO, recolle o seguinte:

Artigo 23. Obxectivos: “Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito (...) textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura”.

Artigo 26: “Nesta etapa prestarase unha atención especial á adquisición e o desenvolvemento das competencias básicas e fomentarse a correcta expresión oral e escrita e o uso das matemáticas. A fin de promover o hábito da lectura, dedicarase un tempo á mesma na práctica docente de todas as materias.”

Artigo 33: “Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.”

Tamén dedica algúns parágrafos ao papel das bibliotecas escolares, no seu artigo 113:

1. Os centros de ensinanza disporán dunha biblioteca escolar.
2. As Administracións educativas completarán a dotación das bibliotecas dos centros públicos de forma progresiva. A tal fin elaborarán un plan que permita acadar o dito obxectivo dentro do período de implantación da presente Lei.
3. As bibliotecas escolares contribuirán a fomentar a lectura e a que o alumno acceda á información e outros recursos para a aprendizaxe das demais áreas e materias e poida formarse no seu uso crítico.

O Decreto autonómico, á súa vez recolle o seguinte:

Artigo 18. Bibliotecas escolares e lectura

1. Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo un programa de centro de promoción da lectura (Proxecto Lector de Centro) no que integren as actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.
2. Este programa de centro será o referente para a elaboración dos plans anuais de lectura que se incluírán na programación xeral anual.
3. Así mesmo, os centros docentes contarán cunha biblioteca escolar, instrumento fundamental para o desenvolvemento do programa de promoción da lectura (Proxecto Lector de Centro), como centro de referencia de recursos da lectura da información e da aprendizaxe e punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que facilite a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes e o traballo colaborativo ademais de estimular os intercambios culturais no centro.
4. Correspóndelle á dirección do centro a aprobación do programa de promoción da lectura logo da proposta realizada polo claustro de profesorado.

**Tendo en conta todo isto, podemos concluír que esa sistematización do acto lector e do seu fomento deberá recollese por escrito neste documento, que, xa que logo, debe ser elaborado por todo o claustro e, a poder ser, coordinado desde a Biblioteca, pois será o punto de encontro das diversas accións levadas no centro con tal fin.**

# **ALGÚNS ASPECTOS COMÚNS PARA AS TRES ETAPAS EDUCATIVAS PRESENTES NO CPI P. CABO DA AREA**

A necesidade de crear ambientes lectores: espazos e tempos para a lectura.

O papel do profesorado será o de mediador entre o alumnado e a lectura.

A sistematización de estratexias: aquelas prácticas que funcionan, como o apadriñamento lector, deberán ser repetidas periodicamente e ampliadas a máis cursos.

Aprendizaxe e práctica de estratexias de comprensión lectora, con todo tipo de textos, en todas as áreas de aprendizaxe.

Avanzar cara ao traballo mediante Proxectos documentais integrados: fomentando a lectura comprensiva e educación documental e o traballo colaborativo.

Abordar a lectura con diversas finalidades: formativa, informativa, de lecer, para o estudo da literatura, etc.

Buscar un tratamento funcional na utilización das TIC para a busca e elaboración de información: os recursos electrónicos deberán ser mesturados e integrados cos materiais impresos nas aulas e na biblioteca escolar.

A lectura de ficción, a literatura de calidade, deberá estar presente no tempo lectivo en todas as materias, nas que deberemos achegarlles tamén seleccións coidadas de materiais informativos, tanto impresos como en soporte dixital.

Promover unha secuenciación en espiral: na que haxa unha progresión na proposta de textos máis esixentes e adaptados ao nivel de maduración dos lectores.

Tratar as linguas de maneira integrada, especialmente nas linguas maternas, tal e como se recolle no decreto 105/2014: "O profesorado implicado no proceso de ensino-aprendizaxe da Lingua castelá e literatura e de Lingua galega e literatura, en cada curso da educación primaria, deberá organizar o

seu labor para evitar a repetición de contidos naqueles aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua, como son as estratexias de lectura, ou o proceso de escritura, a tipoloxía textual ou a definición de termos lingüísticos. (..) En consonancia co anterior, é preciso que o profesorado utilice a mesma terminoloxía nas linguas para non dificultar innecesariamente o proceso de aprendizaxe do alumnado.”

Neste sentido o profesorado amosou o seu interese por formarse para a creación de lectores competentes e para traballar na integración dos diversos idiomas que se imparten e que durante o presente curso 2016/2017 levou á creación dun Proxecto Lingüístico de Centro que busca establecer unhas liñas comúns e progresivas de traballo da lectoescritura e que na ESO aborda a aprendizaxe dos idiomas desde a integración.



# **ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA NO CENTRO CON RESPECTO Á LECTURA E Á ESCRITURA**

## **PROFESORADO**

Nos últimos anos, debido aos resultados algo máis baixos que a media por parte do noso alumnado nas probas diagnósticas; ao cambio de dirección, co que chegou un apoio moi forte á promoción da biblioteca e da lectura no centro, e á formación do profesorado en traballos por proxectos, formación en lectoescritura e integración de linguas, ten mellorado a disposición do claustro á hora de tratar a adquisición da lectoescritura. De maneira coordinada: implantouse a "Hora de ler", traballamos un tema anual conxunto, o equipo da biblioteca aumentou substancialmente os seus membros, chegouse a acordos comúns sobre o traballo da expresión en todas as materias de descontar polos erros ortográficos e de expresión en todas as materias, implantouse a materia de libre configuración de Investigación e tratamento da información (2º ESO), propuxéronse e mercáronse lecturas relacionadas con todas as materias e aumentou o número de profesorado participante en proxectos como o Portfolio Europeo de Linguas.

Tamén aparece nas enquisas de recollida de datos realizadas na fin do curso 2015/16 unha boa disposición por parte duha alta porcentaxe de profesorado a dedicar máis tempo ao traballo con lecturas na clase.

Por outra banda, nas enquisas de recollida de información bótase en falta un uso da biblioteca como recurso para as buscas documentais co alumnado: só un 7,1 acode con el con frecuencia, porén, un 60% recoméndalles material de consulta que poden atopar alí.

As enquisas apuntan que tampouco hai un tempo para o traballo da lectoescritura nas diversas áreas, máis alá do que marca o calendario da Hora

de ler. Cabe destacar que nalgunhas das programacións do presente curso 2016/17 faise notar que este punto comeza a ser subsanado, polo que resulta evidente que os procesos de programación e reflexión conxunta dan os seus froitos e son, pois, unha práctica imprescindible.

Tamén custa moito, na maioría dos casos, que fagan aportacións á biblioteca en canto á recomendación de webs, de libros para as selección de compra ou para as recomendacións lectoras para crear as guías, información de hábitos, etc.

En moitos casos, tampouco tiran proveito da información que a biblioteca pon á súa disposición para as clases (carteis, web, guías...), nin solicitan exposicións ou seleccións documentais. No entanto, nas enquisas había un interese patente por ter información das diversas actividades da biblioteca, polo que unha proposta que nace destas pesquisas é a necesidade da creación dun boletín da biblioteca que permita que a información chegue de forma efectiva ás persoas interesadas.

No presente curso 2016/17 creouse xa un correo propio para a biblioteca ([bibliodocabodaarea@gmail.com](mailto:bibliodocabodaarea@gmail.com)) que serviu para o envío dos formularios de avaliación e que en cursos vindeiros terá, entre outras, esta función.

O profesorado tamén se amosa interesado no achegamento ao traballo por proxectos e un 85.7% percibe a necesidade de ter criterios unificados sobre como facer buscas informativas e como abordar o tratamento desa información.

Un 40% amosa interese por recibir formación sobre bibliotecas e tratamento documental e o outro 60% declara que podería estar interesado.

Estes datos, xunto co 80% que está interesado na creación de liñas xerais de ensino da lectoescritura no centro e o 93,3% que afirma que lle gustaría que se implantase como materia de libre configuración unha materia de investigación a tratamento da información, apuntan a unha percepción por

parte do alumnado da importancia que ten abordar os procesos de lectura e escritura para acadar o éxito escolar do noso alumnado.

Neste sentido, a incorporación da materia de ITI no presente curso 2016/2017 e algúns aspectos dos recollidos no PLC do centro veñen subsanar en parte estas cuestións.

## **ALUMNADO**

Partimos dunha premisa moi boa que é que de 131 rapaces que responderon a enquisa, só 13 responden que non lles gusta nada ler. No resto dos casos presentan interese pola lectura en maior ou menor grao.

Non obstante, detéctase tamén que len unha cantidade de libros bastante elevada por trimestre algúns rapaces que non manifestan un especial interese pola lectura, polo que cabe preguntarse se estamos ante un tipo de alumnado que só le cando o obrigan e, se é así, como poderíamos facer para crear un gusto real pola lectura. Tamén se detecta unha preferencia pola lectura en castelán e as propias enquisas apuntan a que se debe a unha necesidade de renovación dos fondos de ficción en lingua galega, especialmente nos últimos ciclos de primaria e primeiro ciclo de secundaria.

Durante os dous cursos que durou a revisión deste Proxecto Lector fixemos un expurgo moi exhaustivo de fondos antigos e en mal estado, no caso dos libros de lectura en galego, decidimos desfacernos de todos aqueles que, sen tratarse de clásicos, tivesen edicións anteriores a 2003. esta medida vai encamiñada a paliar unha das maiores eivas que atopamos nos textos do alumnado: a abundancia de erros de ortografía. Agora, pouco a pouco haberá que ir repoñendo esas lecturas; o proceso xa comezou no presente curso e deberá continuar en anos vindeiros.

A dificultade para expresar e organizar as súas ideas é tamén bastante frecuente, polo que vemos a necesidade de abordar exemplos de escritura en todos os cursos (VER ANEXOS)

As enquisas amosan tamén o interese do alumnado por un tipo de lecturas adolescentes e de fácil lectura: Diario de Greg, Diario de Nikki, novelas de temática amorosa como Blue Jeans, etc. Das que hai que ter na biblioteca un

pequeno número para poder enganchar ao alumnado menos proclive a ler, mais, pensamos que a selección documental debe ser o piar sobre o que traballemos o fomento da lectura e do achegamento á cultura humanística e científica; por iso pensamos que todo o profesorado ten que intervir nel, mediante a creación de itinerarios lectores adecuados a cada nivel e que contemplan de forma equitativa as diferentes linguas e materias que se estudan en cada un deles. (VER ANEXOS)

Hai un predominio da lectura de narrativa, mais tamén hai alumnos que deixan patente o seu interese por que haxa máis libros de poesía e de teatro, o que parece indicar unha clara descompensación nas coleccións. E parece levar implícita a necesidade de traballar na clase tamén a lectura en voz alta: dramatizando textos e facendo declamacións, cunha entoación coidada. Este tipo de lectura adoita abandonarse cando os rapaces se converten en lectores autónomos e deberíamos reflexionar sobre se este feito de deixar de acompañalos definitivamente inflúe na perda do valor afectivo que a lectura ten cando se fai acompañado.

Un elevado número de alumnado está interesado en ler documentos de temática científica e botan de menos tamén novidades e recursos audiovisuais como música, documentais, cine en linguas estranxeiras, etc. Isto fai patente a necesidade de equiparar nos fondos a ficción coa non ficción e introducir outro tipo de documentos para o préstamo.

Moitos deles declaran que non falan con ninguén das lecturas que fan, o que parece indicar que hai que abordar un proceso de tratamento da lectura máis global, con actividades antes, durante e despois. Nesta mesma liña estaría apuntando a boa valoración que fan do Club de lectura os seus participantes.

Máis da metade do alumnado declara percibir a súa comprensión lectora e a súa expresión escrita como aceptable, non obstante, unha porcentaxe moi elevada percibe tamén que ten problemas claros de caligrafía, ortografía e mestura das dúas linguas cooficiais. Só un grupo moi reducido detecta que ten problemas de comprensión de textos, o que contrasta claramente coa opinión do profesorado, que pensa que este é o motivo dos baixos resultados académicos do centro.

Tamén aparecen datos interesantes en canto a como abordan o proceso:

arredor da metade non usa o dicionario cando non entende o significado dunha palabra que non pode inferir, e máis da metade non fai nunca ningún tipo de planificación á hora de escribir un texto. Isto deixa claro que outra liña de traballo ten que ser a ensinanza dun proceso estruturado para a escrita de textos.

## **BIBLIOTECA**

Coa entrada da biblioteca no PLAMBE o pasado curso o aspecto das salas mudou substancialmente, pois permitiu mellorar o mobiliario buscando a funcionalidade e a creación de diferentes ambientes de lectura e mercar equipos informáticos para as buscas documentais do alumnado. A sala de primaria foi a que sufriu o maior cambio, pois tras recibir a visita do asesor de linguas do CFR o equipo decidiu, seguindo as súas recomendacións, buscar un lugar máis amplo e luminoso que se conseguiu tirando unha parede entre dúas aulas do andar superior. Tamén se instalou un equipo de son e un proxector con pantalla. En secundaria tamén se gañou moita luz natural cando a dirección decidiu custear o arranxo das persianas da sala.

Malia que aínda queda moito por facer: dixitalizar os fondos en primaria, crear un recuncho de lectura informal no corredor exterior da sala de primaria, seguir aumentando os recursos TIC en ambas as salas, etc.; este paso parécenos importante porque busca facer da biblioteca un lugar ao que acudir co alumnado a facer investigacións en distintos soportes e non só un lugar ao que envialo a buscar libros.

Hai dúas actividades promovidas pola biblioteca que contan coa participación masiva de alumnado e profesorado: a Hora de ler e a Constelación lectora. Parécenos importante destacar isto porque cremos que as actividades conxuntas deberían ser cada vez máis e que haberá que ir chegando a novos acordos en futuras CCP para seguir mellorando a calidade de lectura e escritura do alumnado. A primeira pretende afondar no fomento da lectura por pracer, a segunda na lectura intertextual: abordando un mesmo tema desde as distintas áreas e niveis e o seguinte paso debe ser fomentar a lectura competente e buscando a literacidade, é dicir, o desenvolvemento de competencias que habilitan a unha persoa para recibir e analizar información nun determinado

contexto por medio da lectura e poder transformala posteriormente en coñecemento grazas á escritura, isto é: que lles permita pasar de ser meros receptores de información a produtores e que aprendan a facelo respectando a propiedade intelectual e fuxindo do plaxio.

O uso da biblioteca que fai o alumnado do centro é elevado e variado, aínda que en primaria apuntaba en cursos anteriores a un predominio case absoluto do préstamo, cabe destacar que durante o presente curso 2016/2017 houbo un esforzo importante do equipo por centrarse na dinamización e que prácticas como o voluntariado de lectura axudaron moito neste sentido; outro punto que axudou foi a creación de horarios cunha hora semanal asignada a cada titoría en primaria, na que poden ir cos seus alumnos/as e usar a sala para o que desexen, iso si, seguindo sempre os protocolos de xestión decididos polo equipo de biblioteca. Deste xeito os membros do equipo poden ocuparse do préstamo nos recreos e aproveitar mellor o resto do tempo asignado á biblioteca e o alumnado máis lector ten oportunidade de usar máis veces o espazo.

En secundaria úsana para levar en préstamo os libros de lectura obrigatoria, mais tamén como lugar para estudar e facer os traballos para as diversas materias e para a lectura por pracer de revistas e libros. Cabe destacar tamén a implantación provisional do voluntariado de lectura, que para os participantes foi un punto de encontro e traballo en común, cuxa valoración nas enquisas foi moi boa, igual que o Club de lectura, no que as dinámicas grupais tamén son a clave, polo que cabe concluír que para seguir nesta liña de dinamización a biblioteca deberá seguir ofrecendo alternativas de ocio común durante o tempo de recreo.

Arredor dun 25% do alumnado das dúas etapas amosa interese por colaborar como voluntario na biblioteca. Estaría ben aproveitar este interese para involucralos non só na xestión das salas, senón tamén na selección de lecturas. O uso dos medios dixitais é menor do que cabería esperar, só menos da metade do alumnado fai buscas documentais na rede usando os ordenadores do centro e hai aínda moi poucas solicitudes dos lectores electrónicos, se cadra porque non lle demos suficiente difusión.

En canto aos ordenadores, na nosa opinión será necesario ampliar o número se realmente decidimos comezar a usar a biblioteca para facer alfabetización informacional ou levar a cabo traballos por proxectos no centro.

No tocante aos lectores electrónicos parécenos un recurso especialmente útil para a lectura en linguas estranxeiras e, de feito, xa houbo unha proposta do Departamento de inglés para seleccionar materiais cos que utilízalos en cursos vindeiros

Outro aspecto que cabe comentar é a relación da biblioteca con outros axentes culturais da contorna. Neste punto houbo unha melloría nos últimos anos, por dous motivos principais: o primeiro é que dentro da nosa formación de lectores decidiuse facer unha visita anual á biblioteca municipal para facer buscas con CDU e o segundo que tanto a Biblioteca Antón Zapata, como o Concello de Laxe e outros axentes culturais da zona, como a escola de teatro, nos facilitan sempre o seu apoio e se coordinan connosco para a Semana cultural do centro. Esperamos seguir afondando nestes lazos de unión en cursos vindeiros.

## **FAMILIAS**

Este é o último dos axentes relevantes na practica lectora do noso alumnado. Debemos dicir que a maioría das familias están sempre dispostas a colaborar en todas as actividades que se propoñen para o desenvolvemento e o fomento da lectura no alumnado.

Mediante as enquisas sabemos que o noso alumnado ten acceso a un número razoable de libros nas súas casas; que en moitos casos as familias lles regalan libros e que só nalgúns, probablemente pola propia situación xeográfica da vila, os levan a librarías.

Tamén cabe destacar que nunha porcentaxe moi elevada os modelos de lectores do noso alumnado fóra do centro son esencialmente femininos.

Como actividade de nova incorporación, hai que comentar que comezamos o curso pasado o préstamo de maletas viaxeiras cunha acollida moi boa por parte das familias, o que fixo que durante este ano se ampliase a máis cursos con mochilas de diferentes temáticas, que tiveron igualmente boa acollida. Tamén houbo pais e nais que se prestaron a vir contar contos aos nenos. Cremos que nunca hai que infravalorar o valor afectivo no fomento da lectura,

por iso pensamos seguir ampliando este tipo de actividades.

Unha actividade que non saíu adiante este ano por falta de horas do equipo de bibliotecas foi o club de lectura de adultos. Insistiremos en futuros anos na súa creación.



## **RECURSOS MATERIAIS E HUMANOS**

Actualmente o centro conta con dúas salas de biblioteca: unha en primaria e outra en secundaria, o que nos permite unha mellor adecuación ás características do noso CPI, pois estamos divididos en dous edificios con horarios diferentes.

Como xa dixemos anteriormente, debido á nosa entrada no PLAMBE asumíuse un proceso de remodelación das salas para facelas máis agradables e funcionais. Na actualidade contamos cunha sala duns 70 metros cadrados no andar baixo do edificio de secundaria, equipada con canón e pantalla, equipo de son, un punto de xestión documental con impresora e escáner e un ordenador de autoempréstito cun lector de código de barras, un portátil para o proxector e tres ordenadores de consulta para o alumnado e unha impresora 3D, tamén hai unha zona de lectura informal cunha mesa e seis butacas e unha zona de lectura de prensa xunto a cafetería do centro, cunha mesa e dúas butacas.

A nova sala de primaria, que está situada no primeiro andar do outro edificio, conta cuns 40 metros cadrados e está equipada con proxector e pantalla, equipo de son, dous ordenadores para as buscas do alumnado e un punto de xestión documental con impresora e escáner, a nova situación permitiu ampliar o espazo destinado a infantil cunha mesa que permite ir con eles a facer actividades e dotala de colchonetas e coxíns para que poidan ler no chan dun modo máis informal e tamén usar parte do corredor para crear outro punto de lectura informal con mesa e catro butacas.

En canto aos fondos documentais, na sala de secundaria despois do gran expurgo do curso pasado e de centrar neste curso as compras nas materias non lingüísticas, xa están máis cerca dese 40% ficción e 60% non-ficción recomendado, Tamén conseguimos paliar en parte o desequilibrio entre os fondos en galego e castelán no primeiro ciclo da ESO que haberá que ir solucionando de forma paulatina. O profesorado bota tamén en falta fondos de determinadas materias, dicionarios e gramáticas, este ano adquirimos algunhas, mais hai que seguir ampliando eses fondos.

En primaria as enquisas apuntaban tamén a que hai escaseza de fondos adecuados en lingua galega e a que hai que abordar un expurgo en serio da sala e acordar con todo o claustro as novas compras, buscando esa proporción 40/60 da que falabamos. Este ano fíxose un primeiro esforzo por solucionar isto: abordando o expurgo e compando libros variados, mais en cursos vindeiros haberá que continuar.

Ademais dos fondos que hai nas dúas salas, as clases contan cunha biblioteca de aula destinada á Hora de ler e, nalgúns casos, con dicionarios de galego e castelán.

Os departamentos didácticos tamén contan con moito material, que haberá que ir agregando ao Meiga, de modo que desde a biblioteca contemos cunha listaxe informatizada e centralizada de todos os recursos documentais cos que contamos no centro. A este respecto, hai que facer fincapé na importancia da xestión para o bo funcionamento da biblioteca, por iso, para facilitala en cursos vindeiros, dentro do PFPP deste ano houbo unha formación de Meiga da que saíu un documento con criterios unificados (VER ANEXOS) Pois, unha boa xestión permitirá entre outras cousas axilizar os préstamos e dedicar máis tempo á dinamización lectora.

Neste sentido, está a ser clave tamén a formación inicial que se fai de todo o claustro para facer o préstamo, pois isto permitiu abrir a sala para o préstamo durante a Hora de ler, de modo que as lecturas estiveron sempre actualizadas polo propio alumnado

# **NECESIDADES DE FORMACIÓN DO PROFESORADO**

As necesidades de formación do profesorado xa foron quedando patentes nos apartados anteriores:

Hai que ampliar a formación dada ao equipo de biblioteca para que a xestión e a dinamización sexa cada vez máis eficaz.

É imprescindible que especialmente o equipo de biblioteca e, en xeral, todo o profesorado se forme

O profesorado demandaba formación en tratamento integrado da lectura e da escritura e en alfabetización mediática e informacional e vía útil tamén que o alumnado recibise ese tipo de formación, polo que se implantou a materia de ITI e o PFPP deste curso abordou o tratamento da lectoescritura, a integración de linguas e a xestión da biblioteca. E esperamos ver os froitos en cursos vindeiros.

## **A LECTURA NA ETAPA DE INFANTIL**

Para a etapa de infantil a lei non especifica ningunha instrución concreta, mais os obxectivos de centro desta etapa con respecto á lectura foron os seguintes:

- Coordinar o traballo entre todo o equipo de ciclo e a continuidade coa Educación primaria.
- Compensar as desigualdades e carencias proporcionando a todos os nenos/as materiais e actividades para unha boa aprendizaxe da lectura e da escritura.
- Desenvolver a adquisición e mellora da competencia lectora dotando aos nenos dos rudimentos necesarios para iniciarse con éxito na aprendizaxe da lectura.
- Fomentar a lectura como instrumento básico para toda a aprendizaxe, traballando diferentes tipos de textos nas tres áreas de experiencia.
- Conseguir que o alumnado se exprese de forma coherente, tanto oralmente como por escrito.
- Achegar aos nenos e nenas á literatura infantil como fonte de goce e de coñecemento do seu medio cultural e doutros máis afastados.
- Iniciar aos nenos e nenas no funcionamento da biblioteca escolar e de aula como lugar no que aproximarse voluntariamente á lectura.
- Buscar formas de enriquecer e renovar os recursos.
- Implicar as familias no desenvolvemento do hábito lectos dos nenos, facer que inclúan accións formativas sobre este tema e fomentar as actividades realizadas en colaboración e fomento da lectura no tempo libre.

Para acadar estes obxectivos deberán contar cos seguintes recursos, de modo que poidan aproveitar ao máximo todas as oportunidades de fomento da lectoescritura:

- Recursos Humanos: Persoal do centro, familias, institucións locais...

- Recursos materiais:

Fondos da biblioteca de aula, da biblioteca do centro e da biblioteca municipal

Recursos TIC: ordenador, pizarra, CD, DVD, audio, vídeo, internet...

Todo tipo de textos e en todo tipo de soportes: expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos..., tanto en soporte impreso como electrónico, ademais dos realizados polo alumnado.

- Recursos organizativos: Reunións do equipo de ciclo, do Claustro, CCP, coas familias...
- Espazos: creación de espazos que favorezan a lectura: cómodos, ben iluminados, silenciosos e cos materiais ao alcance de todos.

En canto ás actividades e prácticas de fomento da lectura cabe destacar :

- Lectura diaria de contos na aula,
- "Hora de ler": actividade a nivel de centro, onde os nenos/as leen libros autónomamente durante 20 minutos diarios.
- Actividades e xogos de lectoescritura na asemblea: formar palabras, escribir palabras a partir das letras dos nomes, formar frases, inventar historias a partir de palabras, palabras encadeadas, rimas, adiviñas...
- Permitir a libre expresión oral e escrita, apadriñamento lector un día á semana, contos en familia (cada neno representa un conto coa súa familia), etc.
- "Apadriñamento lector": Actividade na que os alumnos/as de Infantil e de 5º de Primaria se contan contos mutuamente por parellas, durante a "hora de ler" un día á semana.
- "Contos en familia": Cada neno/a representa un conto coa súa familia.

# **A LECTURA NA ETAPA DE PRIMARIA**

## **Como vamos abordar o proceso lector durante a etapa de educación primaria?**

Estamos ante unha etapa de vital importancia para o proceso lector dos nenos/as e, o máis importante, na comprensión de textos.

Aínda que na etapa de educación infantil se produce un achegamento á lecto-escritura, debido ás diferenzas no desenvolvemento nestas idades, non todos os nenos chegan á educación primaria lendo, e moito menos tendo unha comprensión adecuada.

Por iso, xa que é en primaria onde vamos a sentar as bases dun proceso adecuado, a continuación propóñense uns obxectivos a lograr durante toda a etapa. Aínda que moitas actividades son comúns para toda primaria, está claro que en cada ciclo programaranse tamén outras tantas diferentes xa que para lograr os obxectivos marcados, debemos facer unha gradación da dificultade e características das mesmas.

## **Obxectivos específicos para alcanzar durante a etapa de educación primaria:**

- Avanzar no respecto do material de lectura propio e común.
- Entender a lectura como fonte de diversión, goce, información, aprendizaxe...
- Avanzar na comprensión lectora.
- Desenvolver unha capacidade lectora (velocidade, entoación, comprensión...) axeitada.
- Adquirir novo vocabulario.
- Previr as posibles dificultades da lecto-escritura.
- Mellorar a expresión e ortografía.
- Crear un maior índice de participación na creación de textos.
- Valorar e favorecer a implicación da comunidade educativa nas actividades

relacionadas co plan lector.

## **ACTIVIDADES XERAIS PARA ALCANZAR OS OBXECTIVOS PROPOSTOS:**

### **1. PRIMEIRO CICLO:**

- Recoñecemento das letras polas tres entradas máis importantes de información (auditiva, visual e quinesésica). Para iso faremos presentación de letras, xogos de conciencia fonolóxica e traballo manipulativo (elaborar letras con plastilina, escribir en superficies distintas como area, facer letras na espalda do compañeiro para adiviñalas...)
- Lectura de contos e poemas dramatizándoos, por parte do mestre/a.
- Lectura individual silenciosa (20 min) durante a hora de ler.
- Préstamo semanal de libros da Biblioteca Escolar.
- Entrega de orietacións a pais /nais sobre literatura infantil adaptada á idade.
- Préstamo das mochilas viaxeiras (con libros adaptados a súa idade e tamén outros para as familias)
- Seleccionar libros na biblioteca coñecendo o seu funcionamento despois da presentación do equipo de biblioteca.
- Elaboración da ficha lectura semanal sobre o conto emprestado na Biblioteca Escolar.
- Dramatización de relatos curtos por parte dos alumnos/as.
- Lectura de contos e posterior encontro co autor/a.
- Elaboración de relatos curtos e contos, para os concursos planificados polo equipo de dinamización de Biblioteca.
- Elaboración de recomendacións de lectura segundo os gustos persoais dos alumnos/as.
- Recital de poesía utilizando TIC,s.

### **2. SEGUNDO CICLO:**

- Préstamo semanal de libros da Biblioteca Escolar.

- Préstamo das mochilas viaxeiras (con libros adaptados a súa idade e tamén outros para as familias)
- Lectura grupal e silenciosa durante a hora de ler.
- Entrega de orietacións a pais /nais sobre literatura infantil adaptada á idade.
- Xogos lingüísticos: trabalinguas, palabras encadeadas, cantigas, ditos, refráns...
- Elaboración de relatos para os concursos planificados polo equipo de dinamización de Biblioteca.
- Asembleas, diálogos e opinións sobre os libros lidos.
- Elaboración de recomendacións de lectura segundo os gustos persoais dos alumnos/as.
- Identificar as diferentes partes dos contos.
- Utilización do dicionario para averiguar o significado de vocabulario novo.
- Resumo de textos utilizando o subliñado e uso de palabras clave.
- Realización de opinión crítica sobe pequenos textos.
- Elaboración de murais sobre libros e autores.
- Lectura de contos e posterior encontro co/a autor/a.
- Visitas á biblioteca do concello para facer actividades de animación á lectura.

### **3. TERCEIRO CICLO:**

- Préstamo semanal de libros da Biblioteca Escolar.
- Préstamo das mochilas viaxeiras (con libros de diversas temáticas)
- Lectura silenciosa durante a Hora de ler.
- Lectura de contos e posterior encontro co autor/a.
- Entrega de orietacións a pais /nais sobre literatura infantil e xuvenil adaptada á idade.
- Elaboración de relatos para os concursos planificados polo equipo de



dinamización de Biblioteca.

- Dramatización de contos a outros cursos inferiores no propio centro.
- Dramatización de contos a alumnos noutros centros
- Dramatización de contos noutras institucións .
- Voluntariado na Biblioteca Escolar para ter os libros coidados e ordeados.
- Elaboracións de recomendacións de lectura segundo os gustos persoais dos alumnos/as.
- Búsqueda de información en dicionarios, manuais, revistas, xornais... (en formato impreso e dixital)
- Seleccionar información para realizar traballos de diversas temáticas.
- Utilización da rima como método motivador na realización das súas creación.
- Resumir un texto e comparalo cos resumos dos compañeiros/as.
- Elaboracións de contos surrealistas a partir do traballo cooperativo.
- Realización de opinións críticas e posterior presentación da opinión e debate para perder o medo a falar en público.
  - Actividades literarias coa participación da comunidade educativa (mercadillo literario, doazón de libros...)
  -

## **CONCLUSIÓNS E LIÑAS A SEGUIR**

A ler apréndese lendo. Somos conscientes de que a educación nestas idades vai cambiando (intereses dos alumnos, da sociedade, incorporacións das TIC,s na aula...) pero hai algo que non cambia, a necesidade de aprender a ler. Por iso pensamos que teremos moito gañado se conseguimos que os nenos/as lle collan agarimo á lectura e a disfruten. Iso non o faremos baixo presión. Queremos que desexen ler, non que odien ver un libro diante.

Para iso centrarémonos en coñecer os intereses e gustos dos nenos, en facer presentacións de libros, dramatizacións, utilizacións de TICs e recursos dixitais, comparacións de películas co seu propio libro. E tentaremos que as nosas unidades didácticas partan a partir de diferentes textos como defende **Myriam**

## **Nemirovsky. NECESITAMOS A CITA PARA A BIBLIOGRAFÍA**

Para rematar quedámonos dende a etapa de primaria do CPI P. Cabo da area cunha frase do grande **Gianni Rodari**:

"Ler e escribir non para que todos sexan artistas, senon para que ninguén sexa escravo"

### **FORMACIÓN EN USO DA BIBLIOTECA:**

O alumnado asistirá a Biblioteca de centro unha hora á semana acompañado do/a titor/a.

O préstamo farao o/a titor/a anotando na carpeta de rexistro o libro que escollan e o que devolven.

Tras ter anotada a devolución no rexistro, o alumno devolve libro ao seu lugar, que estará sinalado co marcador persoal , que deixou no lugar do libro, no momento de collelo. Logo este marcador pasará a marcar o lugar do novo libro escollido.

Os marcadores teñen unha cor dependendo do ciclo ao que pertenza o alumno, ademais de ter unha foto do/a alumno/a no caso de infantil e o seu nome no caso de primaria.

### **CORES MARCADORES**

Infantil	Laranxa
1º ciclo	Rosa
2º ciclo	Amarelo
3º ciclo	Verde

### **MATERIA DE LIBRE CONFIGURACIÓN (4º e 6º de Primaria)**

En 6º e 4º de primaria a materia de libre configuración elixida polo centro é reforzo/afianzamento.

Destínanse as sesións á adquisición das competencias clave que o currículo sinala de consecución fundamental ao remate da Educación Primaria, *competencia matemática e ciencia e tecnoloxía e competencia comunicativa*

*lingüística, e ao reforzo das áreas instrumentais básicas: lingua e literatura galega, lingua e literatura castelá e matemáticas.*

Nesta materia trabállase a competencia comunicativa lingüística e as áreas de lingua galega e lingua castelá seguindo modelos cooperativos, perséguese a comprensión e composición de textos, especialmente teatro e poesía. Realízanse tamén lecturas dramatizadas e caracterizadas ou xogos de roles.

## **A LECTURA NA ETAPA DE SECUNDARIA**

Pola propia estrutura da etapa, con materias e horarios moito máis divididos, que implica tamén a intervención de máis profesorado no proceso de aprendizaxe do alumnado, as prácticas son moi diversas e, como era esperable, hai unha presenza moito máis marcada do traballo da lectoescritura nas materias lingüísticas – facilmente apreciable nos itinerarios de lectura- (VER ANEXOS)

Porén, nos últimos anos houbo un esforzo por parte de todo o profesorado por traballar de modo conxunto, que se materializou nun primeiro momento na implantación da Hora de ler e que, levado tamén pola implantación do plurilingüismo na etapa e pola participación no portfolio de linguas continuou coa importancia cada vez maior que foi cobrando o traballo desde a comprensión e produción de textos en materias como Drama Tecnoloxía, Plástica, Física e Química ou Matemáticas. Son tamén remarcables neste sentido e esperamos que sirvan como punto de partida para que se estendan en anos vindeiros este tipo de prácticas ao resto das materias non lingüísticas, o traballo de recomendación e comentario de lecturas de divulgación científica e de ficción que se está a levar a cabo en Xeografía e Historia coa BD ,Matemáticas con lecturas de libros dixitais e Cultura Científica, lendo libros e artigos especializados.

Outro traballo de forma conxunta é o de explotar os recursos que a biblioteca ofrece como espazo de traballo e fonte de recursos para o traballo de investigación. Neste sentido, nos últimos anos tense avanzado moito na formación de usuarios:

- Cada inicio de curso, xunto cos carnés dos novos lectores, impártese unha formación práctica sobre como buscar libros na biblioteca.
- Reciben tamén unha formación para o uso do autoempréstimo.
- Visitamos outras bibliotecas para que vexan a disposición e pratiquen buscas coa CDU

- O profesorado selecciona webs e deixa o listado por materias nos ordenadores da sala.
- Recoméndanse lecturas adecuadas
- Trabállase a investigación e produción de información
- Insístese na importancia de ser orixinais e fuxir do pláxio na realización dos traballos académicos

A implantación da materia de libre configuración de Investigación e tratameto da información, na que seguimos a programación proposta pola Asesoría de Bibliotecas Escolares para o 1º ciclo da ESO, é un paso máis neste sentido.

Outro factor fundamental para o fomento da lectoescritura na etapa é o Club de Lectura "Libros ao Cabo", que leva funcionando no centro case unha década e que sempre dá resultados positivos, pois permite traballar a lectura desde unha perspectiva máis lúdica e permite unha selección de textos menos canónica e máis centrada nos intereses do alumnado.

**A continuación detállanse as contribucións ao proxecto lector e prácticas de lectura desenvolvidas en cada un dos departamentos, tal e como se recollen en cadansúa programación:**

## **TECNOLOXÍA**

A lectura trabállase con lecturas de textos complementarios ás explicacións en cada unha das unidades didácticas (sobre inventos, biografías de científicas/os, etc.)

Despois da lectura defínese o vocabulario técnico e responden preguntas de comprensión.

Buscamos información relacionada na internet e en libros especializados

Tamén traballamos a expresión escrita e oral a partir da elaboración e exposición de infomes de cada un dos proxectos.

Nesta materia hai que falar tamén do traballo con outras linguaxes: as de programación, que entendemos que deben formar parte da experiencia de alfabetización do alumnado.

Por último, o departamento colabora co Plan Anual de Lectura facendo

propostas de obras á biblioteca e participando na Hora de ler.

## **MATEMÁTICAS**

Durante todo o curso o alumando traballa coa lectura comprensiva mediante os enunciados dos exercicios, tanto dende as actividades de cálculo como dos problemas.

Ao rematar a primeira avaliación, nas vacacións de Nadal, dende o departamento propónselles a lectura dun libro relacionado coas Matemáticas para que o alumnado teña un punto de vista diferente da materia.

A continuación indícase o curso e o libro de lectura proposto.

CURSO	TÍTULO	AUTOR/A
1º ESO	<i>El palacio de las cien puertas</i>	Carlo Fabretti
2º ESO	<i>El diablo de los números</i>	Hans Magnus Enzensberg
3º ESO	<i>El asesinato del profesor de matemáticas</i>	Jordi Sierra i Fabra
4º ESO	<i>El hombre que calculaba</i>	Malba Tahan

Á volta das vacacións fáiselles un cuestionario para comprobar se leron o libro. En primeiro da ESO a nota máxima é un 1 e nos outros cursos un 0,5. Dita nota súmaselle directamente a nota final da segunda avaliación, no apartado de actividades ou boletíns.

O Departamento participa esta ano no Portfolio de linguas, no que o alumnado ten que redactar diversos traballos de investigación ao longo do curso, polo que tamén está presente a lectura informativa e o traballo de selección e produción de textos.

Contribuímos tamén facendo propostas de compra para a biblioteca

Participamos xunto co resto das materias na Hora de Ler

## **EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL**

Segundo o artigo 5 do decreto de secundaria: *A lectura constitúe un factor primordial para o desenvolvemento das competencias básicas. Os centros docentes garantirán na práctica docente de todas as materias un tempo dedicado á lectura en todos os cursos da etapa, **de acordo co***

*Nesta liña, O departamento de Artes Plásticas contribue a:*

- *O desenvolvemento da competencia lectora.*
- *O favorecemento da competencia literaria.*
- *O fomento do hábito da lectura.*
- *O apoio da adquisición das competencias básicas*

*O tipo de accións promovidas polo departamento para colaborar no desenvolvemento dos puntos indicados pódense resumir nas seguintes:*

- *Traballar en colaboración co EDNL na elaboración de materiais visuais que fomenten a lectura eo coñecemento da literatura (carteis, graffitis, etc).*
- *Participar no Portfolio de Linguas Europeas aportando traballos realizados polo alumnado en lingua inglesa dentro da materia de EPVA.*
- *Fomentar a lectura mediante:*

*A colaboración coa hora de lectura semanal establecida no Plan Lector.*

*Aportar títulos de libros relacionados coa materia (cómic, didáctica das artes, etc) para os trípticos de recomendación de lecturas elaborados polo equipo da biblioteca cada trimestre. E propostas de compra para a biblioteca.*

*Lectura en común dos textos de referencia empregados nas clases (textos explicativos, guións para desenvolver curtas, etc).*

## **DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA**

O profesorado realizará un seguimento da expresión oral e escrita do alumnado. Para isto analizarase a capacidade de construír frases coherentes, elaborar temas e definir conceptos nas distintas actividades realizadas; así como a capacidade do alumnado para levar a cabo unha lectura comprensiva dos contidos do libro e doutros documentos propostos polo profesor ou profesora. En canto aos posibles instrumentos utilizados para realizar a avaliación do anteriormente exposto pódense salientar entre outros os seguintes:

- Corrección das probas escritas realizadas polo alumnado, prestando

atención e valorando debidamente a capacidade expresiva, a ortografía e a caligrafía.

- Realización de redaccións sobre temas relacionados coa materia estudada por parte dos alumnos e alumnas, redaccións que unha vez realizadas deberán lerse na clase...
- Valoración das actividades realizadas no caderno de clase, esixíndose un mínimo de orde, coherencia, limpeza e lexibilidade.
- Proposta de traballos de índole variada.
- Lecturas de textos diversos, ben do libro, ben dos periódicos ou de calquera outro material didáctico, coa finalidade de comprobar se existe unha lectura comprensiva das mesmas. As lecturas, as veces serán en voz alta para fomentar a lectura co ritmo e entonación adecuada. A selección de textos realizarase seguindo varios criterios:
  - A relación co temario do curso. Desta maneira o alumno reforzará o traballado na clase e non o verá como unha actividade sen relación con a materia.
  - A variedade. Serán textos periodísticos, literarios, científicos. As fontes de información son diversas. A Xeografía e a Historia pódese aprender a través de medios escritos múltiples: Enciclopedias, novelas, prensa...
  - A lonxitude adecuada. Que non sexan demasiado cortos, que impidan a argumentación, nin demasiado longos que non sexa suficiente o tempo da clase.
- Traballos de Investigación :

O grupo de alumnos terá que buscar, analizar e seleccionar información na rede ou noutros recursos ( Biblioteca do Centro, outras Bibliotecas ...).

Presentación do traballo escrito.

Presentación do traballo en formato dixital.

Exposición do traballo
- Debates sobre os temas transversales.
- O departamento participa na "Hora de Ler" co resto dos departamentos do centro, consistente nunha hora de lectura obrigatoria semanal en



todos os grupos.

Entre as lecturas plantexadas para os distintos grupos están: *El clan del oso cavernario*, *A volta ao mundo en 80 días*, *Maus...* (VER ANEXO DE ITINERARIOS LECTORES)

## **INGLÉS**

Ao tratarse dunha lingua, queda implícita a necesidade de traballar a comprensión escrita, polo que tódolos días haberá un tempo mínimo de lectura, seguido de exercicios de comprensión. En moitas ocasións as lecturas dos textos irán acompañadas de audicións dos mesmos, para desenvolver a comprensión auditiva, a pronunciación e a entoación. Lectura obrigatoria dunha obra adaptada para cada avaliación e nivel: unha servirá de base para as actividades relacionadas co tema xeral da biblioteca, outra será a adaptación dunha obra literaria (clásica ou actual) e unha última sobre un país de fala anglófona que será tema dunha exposición sobre a cultura e os países de fala inglesa na 3ª avaliación.

Segue a biblioteca de aula á disposición do alumnado, tanto de libros de gramática, vocabulario, etc, como lecturas tanto adaptadas como orixinais pero correspondentes a súa idade. Neste curso trataremos de dinamizala facendo actividades que esperten o interese dos alumnos e alumnas, pois finalmente o ano pasado non foi posible facelo a pleno rendimento. Para iso, crearemos o Reading Passport (pasaporte de lectura) onde cun selo quedará refrendado a finalización da lectura dun

libro. Haberá encargados e axudantes da biblioteca que serán voluntarios e mensuais para por os selos nos pasaportes. Tras a lectura cada alumno cubrirá dúas fichas, a primeira I recommend... onde o alumnado poderá recomendar e expresar dun xeito voluntario a súa valoración ou recomendación sobre esa obra. A outra ficha My book ,será técnica cos datos do libro e unha pequena sinopsis. A profesora levará un libro de rexistros das lecturas, e expanse nun taboeiro, Our favourite stories, todas as recomendacións e calquera dato curioso que o alumnado queda engadir relacionado co libro (outras versións ou formatos como películas, banda deseñada, cancións, etc) Participarase nas

actividades propostas dende a biblioteca escolar ( a profesora de inglés forma parte do equipo de traballo de dinamización da biblioteca). Se desenvolverán actividades partindo do tema da constelación: Pioneiros e Pioneiras.

## **LINGUA CASTELÁ**

A creación e consolidación do hábito lector nos alumnos abordarase na área de Lingua Castelá con diversidade de estratexias, medios e actividades:

1. Lecturas en cada unidade que fomenten o pracer, desenvolvan a imaxinación, proporcionen información e cren sensibilidade estética.
2. Lecturas de obras completas do patrimonio cultural, adecuadas á idade do alumnado.
3. Orientación para a lectura voluntaria de obras pertencentes ao patrimonio literario.
4. Fomento do hábito de utilizar a biblioteca escolar e os seus recursos como apoio no proceso de aprendizaxe.
5. Fomento da participación en concursos e certámenes.
6. Uso das TIC como fonte de lectura.
7. En todos os cursos o/a profesor/a proporcionará unha listaxe de obras de literatura que os/as alumnos/as poderán ler de forma voluntaria, e de cuxa lectura e adecuada comprensión darán conta a través de traballos e exposicións orais nas que o/a profesor/a poderá propoñer cuestións sobre as mesmas que han de ser contestadas correctamente.
8. A adecuada defensa destas lecturas voluntarias poderá incrementar a nota da avaliación.

O Departamento contribúe ademais co proxecto lector colaborando activamente nas actividades da biblioteca e do Club de lectura; facendo recomendacións lectoras para as compras e as guías e respectando o tempo da Hora de ler.

## **LINGUA GALEGA**

Un importante obxectivo da área é fomentar o hábito de lectura no alumnado, valorando os textos como fonte de pracer e coñecemento e

atendendo ao seu valor estético cultural. Nesta dirección realízanse diferentes actividades sobre os períodos e autores estudados, como comentar diversos textos literarios de xéneros diferentes, procúrase non converter a práctica do comentario nunha mera reflexión estilística salientándose a lectura expresiva dos textos, a contextualización histórica, o comentario oral e/ou escrito sobre o contido, análise global das características dos diferentes xéneros ...).

O traballo da lectura en voz alta e dramatizada en todos os cursos continúa unha liña de traballo comezada no centro en 1º ESO coa materia de Drama e pretende afianzar no alumnado as técnicas de expresión oral precisas para a comunicación.

Tamén procuramos traballar a lectura en diversos soportes, comezar a traballar coa realidade aumentada e traballar as relacións da literatura con outras manifestacións artísticas (cómic, películas, teatro radiofónico...).

A realización dunha exposición oral e dunha ficha bibliográfica dun libro de lectura trimestral como mínimo (de dous libros diferentes) forma parte das notas tidas en conta para obter a cualificación do alumnado na materia.

O alumnado que presente problemas para a superación do curso poderá ademais subir nota mediante a lectura de obras literarias, alén das propostas trimestralmente como obrigatorias, e a entrega dunha ficha sobre o libro (Ata 2 puntos ao longo do curso: 0,5 por cada obra). Con esta medida, ademais de atender á diversidade da aula preténdese fomentar o hábito lector do alumnado e colaborar activamente co PLC.

As lecturas propostas para a ESO pertencen na súa maioría á diferentes autores de literatura infantil e xuvenil, incluíndose tanto obras escritas en galego como traducións. Tamén se inclúen textos clásicos da nosa literatura.

A lista de obras propostas en ningún caso é pechada, nin pretende limitar as eleccións dos alumnos/as; confeccionouse tendo en conta as preferencias manifestadas en cursos anteriores e o interese didáctico das mesmas. Pretende ser simplemente orientativa e pode ampliarse con outras obras .

Dentro dos anexos da presente programación pode verse tamén o itinerario de lectoescritura para os diversos cursos da ESO:

## **ITINERARIO DE LECTOESCRITURA NA MATERIA DE LINGUA GALEGA PARA A ETAPA DE SECUNDARIA**

LECTURAS 1º ESO	ESCRITURA 1º ESO
Novelas Contos Lendas Fábulas Normas Instruccións Retratos Etopeas Topografías Poesía Teatro Cancións Recitados Adiviñas Noticias Mapas Descricións literarias Descricións científicas Textos dialogados	DESCRIBIÓN Etopea Prosopografía Retrato Topografía Saricatura Descrición de procesos Instruccións Normas Cartas Correos electrónicos Poemas breves Ficha de lectura Notas SMS Axendas Itinerarios Entrevistas Resumos Diálogos dramáticos breves Definicións
LECTURA 2º ESO	ESCRITURA 2º ESO
Novelas Contos Lendas Fábulas Mitos Noticias Crónicas Diarios Blogs	NARRACIÓN Relatos Fábulas Mitos Lendas urbanas Noticias Diarios Blogs Microrrelatos

<p>Webs</p> <p>Relatos</p> <p>Microrrelatos</p> <p>Poemas</p> <p>Narracións reais: Historia</p> <p>Narracións ficcionais</p> <p>Textos teatrais</p>	<p>Refráns</p> <p>Lemas</p> <p>Aforismos</p> <p>Monólogos</p> <p>Diálogos</p> <p>Guións radiofónicos</p> <p>Storyboards</p> <p>Estilo directo</p> <p>Estilo indirecto</p> <p>Exposicións</p> <p>Resumos</p> <p>Paráfrases</p> <p>Actas</p> <p>Regulamentos</p>
<b>LECTURA 3º ESO</b>	<b>ESCRITURA 3º ESO</b>
<p>Textos expositivo-explicativos</p> <p>Cantigas</p> <p>Novelas</p> <p>Poesía</p> <p>Relato</p> <p>Conto</p> <p>Romance</p> <p>Coplas</p> <p>Sonetos</p> <p>Instrucións</p> <p>Textos xornalísticos de información</p> <p>Textos didácticos</p>	<p>EXPLICACIÓN</p> <p>Textos expositivo-explicativos</p> <p>Definicións</p> <p>Comentarios poéticos</p> <p>Resumos</p> <p>Paráfrases</p> <p>Instrucións</p> <p>Receitas</p> <p>Normas</p> <p>Noticias</p> <p>Solicitudes</p> <p>Reclamacións</p>
<b>LECTURA 4º ESO</b>	<b>ESCRITURA 4º ESO</b>
<p>Coloquios</p> <p>Debates</p> <p>Publicidade</p>	<p>ARGUMENTACIÓN</p> <p>Comentarios de textos narrativos (fictionais e ensaísticos)</p>

Ensaio	Textos argumentativos
Textos xornalísticos de opinión (artigos, columnas...)	Cartas ao director
Novelas	Sínteses
Contos	Paráfrases
Poemas	Currículums
Pezas dramáticas	Cartas de presentación
Noticias	Correos electrónicos
Discursos	Cartas comerciais
Cancións	
Lemas e proclamas	
Refráns	

**RECOMENDACIÓNS DE OBRAS PARA OS ITINERARIOS LECTORES (VER ANEXO)**

**DRAMA**

*Consideramos a materia, dado que traballa fundamentalmente con textos literarios, un aporte fundamental ao plan lector do centro, pois alén da lectura individual e en silencio, colabora ao fomento doutra idea de lectura que entronca coa nosa literatura tradicional: a lectura dramatizada: contada e escoitada.*

*Pensamos que contribúe de forma activa ao fomento da expresión oral, da entoación e da idea interconectada da literatura con outras manifestacións culturais.*

*Ademais de textos literarios traballaremos tamén cos textos explicativos propios da materia, que permitirán ao alumnado a adquisición de coñecementos e vocabulario propio desta.*

*Igual que no resto das materias, cando o marque o horario anual, participaremos na Hora de Ler.*

## **EDUCACIÓN FÍSICA**

Os principios básicos que guiarán a potenciación da lectura desde a nosa área serán os seguintes:

- Axudar aos alumnos na comprensión dos textos aos que deben enfrontarse na nosa asignatura.
- Mellorar e enriquecer o vocabulario específico propio da nosa asignatura e concretamente dos distintos deportes.
- Potenciar a lectura de libros, revistas e xornais especializados.
- Colaboración coa "hora de ler" que se desenvolve no centro dende a biblioteca.

As actividades que se propoñen en relación con estes obxectivos serán:

- Realización de traballos, redaccións sobre textos vinculados ás unidades didácticas.
- Lectura comprensiva de artigos xornalísticos, divulgativos ou literarios.
- Proposta de compra de libros relacionados coa nosa materia para aumentar os fondos da biblioteca en materia de investigación e tratamento da información

## **INVESTIGACIÓN E TRATAMENTO DA INFORMACIÓN**

Os principios básicos que guiarán a potenciación da lectura desde a nosa área serán os seguintes:

- Axudar aos alumnos na comprensión dos textos aos que deben enfrontarse na nosa asignatura.
- Mellorar e enriquecer o vocabulario específico propio do mundo científico.
- Potenciar a lectura de libros, e artigos de revistas e xornais especializados, non só físicos senón tamén virtuais.
- Colaboración coa "hora de ler" que se desenvolve no centro dende a biblioteca.

As actividades que se propoñen en relación con estes obxectivos serán:

- Realización do traballo diario, poñendo especial énfase en que o alumnado lea a información e despois redacte e non se limite a "copiar e pegar".
- Lectura comprensiva de artigos xornalísticos, divulgativos ou literarios.
- Proposta de compra de libros relacionados coa nosa materia para aumentar os fondos da biblioteca en materia de investigación e tratamento da información.
- Traballo arredor do tema anual proposto pola biblioteca.

## **INTRODUCCIÓN Á ACTIVIDADE EMPRENDEDORA E EMPRESARIAL**

Os principios básicos que guiarán a potenciación da lectura desde a nosa área serán os seguintes:

- Axudar aos alumnos na comprensión dos textos aos que deben enfrontarse na nosa asignatura.
- Mellorar e enriquecer o vocabulario específico propio do mundo empresarial.
- Potenciar a lectura de libros, e artigos de revistas e xornais especializados, non só físicos senón tamén virtuais.
- Colaboración coa "hora de ler" que se desenvolve no centro dende a biblioteca.

As actividades que se propoñen en relación con estes obxectivos serán:

- Realización do traballo diario, poñendo especial énfase en que o alumnado lea a información e despois redacte e non se limite a "copiar e pegar".
- Lectura comprensiva de artigos xornalísticos, divulgativos ou literarios.
- Proposta de compra de libros relacionados coa nosa materia para aumentar os fondos da biblioteca en materia emprendedora e empresarial.



## **MÚSICA**

### **Tempo diario ou semanal que dedicamos á lectura na aula**

- Entre 10 e 20 minutos por sesión, dependendo sempre das actividades e explicacións que necesiten os contidos do currículo
- Rigoroso respecto do horario de lectura semanal da Hora de ler

### **Actividades e fomento da lectura**

- Comentamos e analizamos o material aportado aos alumnos onde están contemplados os contidos dos cursos. (O Departamento de Música non impuxo ningún libro de texto ,o alumnado teno á súa disposición na web do Centro)
- Lectura en voz alta e lectura comprensiva do material utilizado na clase.
- Lectura de noticias musicais na prensa e na internet.
- Utilización da Biblioteca do Centro para buscar información relacionada cos temas propostos na clase e para a realización dos traballos de investigación encomendados, nos que teremos en conta que sexan orixinais e non meras copias de información e que estean ben presentados e coiden a expresión e a ortografía.
- Non hai lecturas obrigatorias, mais si recomendacións que poden verse no itinerario lector (ANEXOS)
- Recomendacións de bibliografía específica sobre temas que interesen ao alumnado.
- Analizar e comparar distintas cancións de moda. Tamén cancións propostas polo alumnado e profesorado. Trataremos de traballar con aquelas que teñen como premisa, a calidade poética e literaria,
- Analizar o machismo e o sexismo nas letras de moitas das cancións de moda. Valorando o feito de cantar cancións que denigran a muller sen facer unha lectura crítica e comprensiva das letras.
- Divulgación desde o Departamento de Música da Biblioteca do Centro como un espazo de entretemento á vez que de traballo, ademais dun lugar onde atopar material audiovisual de interese para o alumnado e de apoio para as clases.

## **Materiais e recursos didácticos do Departamento de Música**

Os dispoñibles na aula, na biblioteca e no centro.

### **CIENCIAS NATURAIS**

#### **Obxectivos xerais**

As actividades do Departamento de Ciencias Naturais do CPI P. Cabo da Area están fundamentalmente guiadas segundo o curriculum da ESO que, entre outros obxectivos, sinala que a lectura constitúe un factor primordial para o desenvolvemento das competencias básicas, reforza habilidades que permiten buscar, recompilar e procesar a información, así como desenvolver habilidades para interpretar e comprender a realidade. Ademais pretendemos conseguir o hábito lector dende o disfrute, particularmente, da lectura científica.

#### **Desenvolvemento das actividades:**

Ao longo do curso realízanse diversas actividades relacionadas con proxecto lector. Nos primeiros cursos estas consisten basicamente en lecturas de textos, respostas a preguntas relacionadas co texto, etc. Frecuentemente os alumnos len en voz alta algún fragmento do libro de texto ou da actividade relacionada co contido de cada sesión. Trátase de conseguir que o alumno comprenda e se exprese en linguaxe científica.

Colaboramos tamén co proxecto lector facendo propostas de compras de lecturas á biblioteca e recomendacións lectoras ao alumnado.

Participamos semanalmente na Hora de Ler

### **CULTURA CIENTÍFICA**

Nesta materia, optativa en 4º de ESO, traballamos intensamente coa lectura, pois cada alumna/o debe facer un mínimo de 5 lecturas relacionadas coa materia ao longo do curso, que despois traballamos da seguinte maneira: Unha sesión ao mes dedicada a expresar os contidos dos textos e outra sesión dedicada ao estudo e análise dos libros lidos.

As visitas á biblioteca para traballar cos libros e buscar información relacionada foron frecuentes.

Con isto pretendiamos posibilitar a comprensión e a reflexión de textos científicos; consultar termos científicos co fin, entre outros de aumentar o vocabulario técnico, e sobre todo, desenvolver un espírito crítico a través dos comentarios de textos.

## **FÍSICA E QUÍMICA**

En primeiro lugar, hai que facer a distinción entre a materia en 2º ESO e no resto dos cursos, pois en 2º impártese en inglés. Isto fai que a presenza de textos e material audiovisual de apoio sexa moito máis frecuente. Igual que está tamén máis sistematizado o traballo do vocabulario. Porén, en 3º e 4º o traballo coa lectura é moito máis puntual.

En PMAR hai tamén un traballo moi constante da lectura comprensiva, a partir dos textos explicativos e dalgunhas lecturas complementarias que aparecen no libro de texto, que traballamos mediante preguntas de comprensión e definicións do vocabulario.

O Departamento colabora ademais co proxecto lector facendo recomendacións de lectura para as guías e as compras de fondos da Biblioteca.

Igual que o resto das materias, participamos semanalmente na Hora de ler.

## **FRANCÉS**

### **1. Obxectivos a acadar**

1. Fomentar o gusto pola lectura e valoralo como único medio para o enriquecemento persoal no ámbito cultural.
2. Procurar mediante internet foros franceses e páxinas interesantes para aumentar o noso coñecemento do idioma.
3. Integrar os recursos TIC no plan lector: A modo de exemplo , o emprego da lectura en pantalla para a procura de información en francés na rede.
4. Crear unha pequena biblioteca de clase con material específico da área de francés.

5. Participar na compra de libros, revistas, dictionarios de interese para a biblioteca do centro.

## **2. Temporalización**

Tense en conta na temporalización de cada unidade didáctica, un tempo para o traballo neste ámbito, á vez que se traballa a modo de tema transversal e farémolo dun modo máis intenso nos primeiros grupos co fin de fomentar a lectura.

Traballaremos a lectura dos libros propostos para cada curso mediante debates orais e preguntas sobre os capítulos e o libro; antes, durante e despois da lectura.

## **3. Recursos necesarios**

1. Biblioteca do centro
2. Aula de clase
3. Xornais, videos e revistas de interese
4. Aula de Internet

## **4. Departamento**

1. Creación de biblioteca de aula, cos libros agasallados polas editoriais, libros mercados, revistas, cancións, videos e películas de interese para fomentar un hábito de lectura.

## **5. Alumnos**

1. Participación activa dos alumnos traendo algunha revista, película fomentando deste xeito o espírito de colaboración e implicación no centro.
2. Lectura dun libro en francés.
3. Recomendación de revistas francesas que teñen que ver ca materia impartida na aula.
4. Exposición e lectura dalgun traballo reralizado na aula.
5. Introducción dunha hora de lectura a semana que vai rotando cada semana empezamos o primeiro luns do curso 2016-17 a 1º hora da mañá e sucesivamente.

## **6. Atención a diversidade**

Dentro do grupo encontraremos alumnos con escasos coñecementos e outros que dominan mellor ou lles gusta máis a materia. Para os alumnos con máis dificultades , ou ben menos motivados axudarémonos de alguns comics que teñan mais imaxes e debuxos, de revistas, etc., como medio de que acaden unha motivación , na medida do posible. Para aqueles alumnos con un gran gusto pola lectura ou ben moi motivados facilitarémoslle unha bibliografía variada co obxectivo de que afonde nese interese cultural e do idioma para o seu enriquecemento persoal.

# OBXECTIVOS, ORGANIZACIÓN

# FUNDAMENTOS

# E

Tendo en conta todo o devandito, deberemos entender como obxectivos do presente documento os seguintes:

<b>OBXECTIVOS</b>	<b>INDICADORES</b>
Aumentar os índices de lectura dos estudantes en todas as disciplinas	Porcentaxe de alumnos que len e tempo dedicado á lectura fóra da escola (enquisas)
Formalos como usuarios plenos da palabra escrita e da expresión oral :que sexan escritores, lectores e comunicadores	Porcentaxe de estudantes que len e escriben por iniciativa persoal.
Sensibilizar a comunidade educativa primeiro e a sociedade despois sobre a necesidade de traballar na lectura	Porcentaxe de participación das familias e dos elementos culturais da contorna no desenvolvemento do Plan Lector.
Fornecer ao alumnado de espazos e tempos para a interacción cultural	Continuidade e ampliación do voluntariado de lectura.  Continuidade do Club de lectura e aumento do número de participantes.  Aparición de novas propostas de actividades culturais en grupo para o tempo de lecer no centro (cinefóruns, merendas en inglés/francés, etc.)

Garantir o acceso aos libros e os diferentes soportes de comunicación	Aumento da lectura en soportes dixitais e audiovisuais (uso de ordenadores, e e-readers)
Articular as relacións no centro educativo entre os docentes do mesmo curso e cos de cursos diferentes, das mesmas áreas ou de outras para compartir recursos e establecer unha aprendizaxe interdisciplinario.	Porcentaxe de persoas da comunidade educativa que traballan no proxecto lingüístico e no plan lector
Desenvolver a competencia lectora	Melloría dos resultados nas diversas materias e nas probas diagnósticas
Desenvolver a competencia literaria	Gusto pola literatura, en variedade de xéneros e manexando criterios estéticos e non só de entretemento
Educar no uso crítico da información	Capacidade de crear traballos cunha selección de información adecuada, ben presentados e citando as fontes de que parten.
Fomentar a investigación	Aumento dos traballos por proxectos e creación de Proxectos Documentais Integrados no centro.
Apoiar a adquisición de competencias clave	Teñen unha capacidade de comprensión lectora que lles permite usala para a resolución de problemas e tarefas en situacións diversas.
Favorecer a creación de contidos culturais	Pasar de ser receptores a produtores. Aumento de produtos (libros, booktrailers, videotitoriais...) feitos polo alumnado.Traballo
Traballo con soportes dixitais, realidade aumentada e linguaxes	Aumento do profesorado e alumnado interesado pola creación propia de

de programación	contidos proxectos e recursos en rede, empregando arduino, códigos QR...
Creación de novos espazos de lectura e traballo	Aproveitar zonas comúns en desuso para a habilitación de espazos de traballo informal.



# INTERVENCIONS

Da análise anterior da situación da lectura e da escritura no centro foron desprendéndose unha serie de intervencións e boas prácticas que cómpre sistematizar se queremos que sexan efectivas e que a continuación recollemos aquí a modo de resumo:

1. Hai moitos tipos de lecturas diferentes e o noso traballo como docentes é achegar o alumnado a todas elas (papel, dixital, multimedia...)
2. A promoción da lectura debe ser sistemática e planificada e ocupar un lugar central e non marxinal nas nosas propostas pedagóxicas, por iso é importante a participación de todo o claustro na creación dun documento como este que sirva de eixo vertebrador.
3. Na propia lei está claro que o fomento e o ensino da lectoescritura nunca debe ser unha función exclusiva do profesorado de lingua, senón que debe ser un obxectivo conxunto. Estas prácticas de fomento da lectoescritura deberán plasmarse nas programacións de todas as materias.
4. O papel mediador do docente é esencial neste proceso de fomento da lectura e na selección de lecturas con criterios de calidade:  
  
Creación conxunta de itinerarios lectores e escritores (seleccións de títulos e tipoloxías textuais axeitados para cada nivel de idade), escollidos con criterios de calidade e en función de obxectivos recollidos no Proxecto Lector (significativos para o alumando e variados en xénero, temática, soporte...) A listaxe pode ser aberta e flexible, cunha duración media de dous anos, aínda que o ideal é revisalo anualmente para adaptalo ao plan de lectura, á temática de traballo anual, etc,
5. Deberase favorecer a continuidade da práctica lectora fóra das clases, por iso a implicación e a coordinación coas familias e o resto dos axentes culturais da contorna é tamén moi importante.
6. A biblioteca escolar xogará un papel primordial como medio de

compensación das desigualdades sociais, por iso este documento insiste en que a selección de materiais actualizados, atractivos e útiles para o alumnado é moi importante. E, unha vez máis, o esforzo conxunto de todo o claustro será o que leve ao éxito neste punto, pois, o/a especialista en cada materia e etapa é o que mellor coñece os recursos adecuados e quen pode facer suxestións interesantes para a actualización dos fondos, tanto en papel como dixitais.

7. Achegar o alumnado a novos soportes tampouco pode quedar fóra dos nosos plans, pois, queiramos ou non, o acceso e o tratamento da información faise cada vez máis en soportes dixitais, polo que debemos dar ao alumnado ferramentas para facer unha selección adecuada tamén deste tipo de textos: facilitándolles seleccións previas, ensinándolles como saber se un material é fiable, creando documentos informativos que lles sirvan como guía no proceso... E facendo fincapé no tratamento deste material de modo que non incorran en plaxios ou delitos contra a propiedade intelectual cando manexen este tipo de fontes.
8. O profesorado deberá tamén procurar favorecer no posible a participación do alumnado nas actividades creadas polo equipo da biblioteca ou por calquera outro órgano docente que estean enfocadas ao fomento ou ao desenvolvemento da lectoescritura.
9. Fomentar o traballo por proxectos e de investigación. O fin último deste procesos debe ser sempre a comunicación da información adquirida: ler, buscar e escribir/crear deben ser sempre os tres pasos básicos do noso traballo.
10. Abordar o tratamento integrado e secuencial das linguas e plasmación no uso sistemático do Portfolio de linguas como documento para o seu seguimento.
11. A formación dos lectores competentes dos que nos fala Víctor Moreno e a consolidación de hábitos lectores é o obxectivo fundamental desta proposta de traballo. Chamamos así a aqueles lectores que manifestan unha serie de habilidades:

Empregan os coñecementos previos para darlle sentido á lectura

Dirixen de xeito autónomo a súa lectura: atención, consciencia sobre a comprensión, corrección de erros, etc.

Empregan estratexias de comprensión: revisión, insistencia...

Distinguen contidos importantes en función da finalidade da lectura.

Resumen o lido como estratexia de comprensión

Realizan inferencias: comprensión de termos polo contexto

Realizan preguntas sobre o lido

12 A busca da Literacidade, da Competencia lectora e literaria mediante o traballo do proceso lector.

Formación da competencia lectora:

Aprendizaxe dos códigos escritos, visuais, sonoros, audiovisuais...

Traballo con distintos tipos de textos e soportes: narracións, poemas, cancións, cómic, imaxes, fotografía, pintura, gráficos, textos informativos, esquemáticos, publicitarios, xornalísticos, realidade aumentada, linguaxe de programación, cine...

Integración da TIC e prácticas lectoras en todos os soportes en situacións contextualizadas.

- Aprendizaxe de estratexias de comprensión lectora (subliñado, resumo, esquemas, ideas clave, mapas conceptuais...)

Formación da competencia literaria:

- Ler literatura polo pracer de ler
- Ler literatura con obxectivos curriculares
- Ler textos diversos en canto a contido, xénero e complexidade
- Traballar con itinerarios lectores
- Progresar cara a propostas cada vez máis esixentes para o lector
- Temos que traballar desde o coñecemento previo e cunha meta clara

12. Debemos buscar metodoloxías adecuadas a estes obxectivos nas que traballemos o proceso lector de forma integral:

#### ANTES

Activar o coñecemento previo sobre o que se vai ler (chuvias de ideas, preguntas, intertextualidades...)

Establecer predicións sobre o texto (traballo con textos á marxe, imaxes...)

Fomentar as preguntas sobre o texto.

#### DURANTE A LECTURA

Actividades que favorecen o acceso á comprensión:

Ter en conta o proceso da lectura, facerse conscientes del, guialo

Lectura individual e silenciosa previa a calquera actividade de lectura expresiva

Lectura exemplificadora do profesor

En actividades de lectura compartida:

Formular predicións sobre o texto que se está a ler.

Facerse preguntas sobre o que se leu.

Aclarar posibles dúbidas acerca do texto.

Resumir ideas do texto.

Prácticas de lectura independente:

Textos con erros, para identificar

Textos con lagoas para completar

Textos con frases "pirata"

Completar textos, engadir finais, reescritura segundo diversos criterios

#### DESPOIS

Idea principal

Elaboración de resumos

Formulación de preguntas

Ensinar a formular e responder preguntas sobre un texto é unha estratexia esencial para unha lectura activa.

Preguntas de resposta literal.

Preguntas “para pensar”. O lector deberá relacionar diversos aspectos do texto para atopar a resposta.

Preguntas de elaboración persoal. Esixen a asociación co que se sabe, se pensa ou se ten experimentado.

Actividades que fomentan a creatividade e o pensamento diverxente

Actividades que forman lectores críticos

Actividades que desenvolven a afectividade

13. Crear ambientes lectores: un clima que favoreza o achegamento aos libros e á lectura, onde se poña en valor a lectura e que sirvan tamén para a socialización do acto de ler

14. Seguir lendo ao alumnado en voz alta e de forma coidada en todas as etapas de modo que non se perda o valor emocional do feito de ler

15. Equilibrar a oferta de fondos a disposición dos usuarios que hai nas salas e involucrar a todo o claustro na selección de novas compras e na recomendación de lecturas ao alumnado tanto nas guías de lecturas como desde as propias clases.

16. Ampliar o número de ordenadores das salas de biblioteca e a selección de materiais en rede para promover o seu uso como recurso para a investigación

17. Seguir avanzando na creación de espazos maker que permitan traballar con outras linguaxes

18. Dotar de horario suficiente ao equipo de biblioteca, de modo que permita un funcionamento máis eficiente que redunde na dinamización

19. Conservar e crear novo voluntariado lector de biblioteca
20. Aumentar a produción de material informativo e formativo por parte do equipo de biblioteca e polo claustro en xeral
21. Seguir aumentando o tempo dedicado á lectura que na actualidade é o correspondente á Hora de ler: 20 minutos diarios en primaria antes do recreo, e habería que completar ata media hora con actividades diarias nas clases, e unha clase, é dicir, 50 minutos semanais, en Secundaria que van rotando polas diversas sesións e materias desde o luns a primeira ata o venres a sexta.
22. Adoptar e respectar uns criterios de valoración comúns para corrixir os erros de expresión, presentación e ortografía do alumnado (VER ANEXO)
23. Incluír nas programacións das materias a nosa contribución ao fomento da lectura e ao desenvolvemento deste proxecto, como di a lei.
26. Formar entre todos usuarios activos das bibliotecas que saiban buscar libros na sala e información dentro dos libros (índices, contracapas, uso de enciclopedias e dicionarios...), así como no catálogo online da biblioteca.
27. Servir como exemplo respectando os horarios destinados á lectura e lendo nós tamén.

# **AVALIACIÓN**

Este proxecto terá unha validez de catro anos transcorridos os cales deberá ser avaliado e modificado, empregando para tal fin os seguintes medios:

Estatísticas de préstamos da biblioteca

Enquisas sobre intereses e hábitos lectores (ANEXOS)

Resultados nas avaliacións das materias

Resultados nas avaliacións diagnósticas

Número de proxectos documentais levados a cabo no centro

Aumento da participación do claustro na redacción dos documentos e na selección de materiais

Mellora das producións escritas do alumnado

# **ANEXOS**

## **ANEXO I**

### **FICHA MODELO PARA RECOLLER NA PROGRAMACIÓN A CONTRIBUCIÓN CO PROXECTO LECTOR E O FOMENTO DA LECTURA E DA ESCRITURA DE CADA CURSO/DEPARTAMENTO**

PLAN DE LECTURA NO CURSO/DEPARTAMENTO DE...

Tempo diario ou semanal que imos dedicarlle na aula

Tempo semanal ou mensual periódico da traballo nas instalacións da biblioteca

ITINERARIOS LECTORES: TÍTULO, AUTOR/A, EDICIÓN

LECTURAS: que tipo de lecturas imos facer e como imos valoralas  
(obrigatorias, opcionais...)

TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN que queremos desenvolver co alumnado e  
materiais que a biblioteca debería adquirir

COLABORACIÓN COA BIBLIOTECA NA FORMACIÓN DE USUARIOS



## **ANEXO II**

### **CRITERIOS PARA A CORRECCIÓN DA CALIDADE DOS TEXTOS**

Reunida a CCP decidiuse que en todas as materias teremos en conta para a corrección a expresión e correcto uso da lingua e descontaremos ata 1 punto nas materias non lingüísticas e ata 2 puntos nas lingüísticas.

Alén diso, durante o proceso de redacción do PLC prouxéronse os seguintes criterios para a entrega de traballos e exames:

### **PAUTAS PARA A PRESENTACIÓN DE TRABALLOS ESCRITOS**

#### **TRABALLOS Á MAN**

1. Os traballos e/ou tarefas entregaranse escritos en folios a 1 cara e unicamente a bolígrafo azul ou negro; nunca en lapis ou calquera outra cor, salvo que sexan títulos ou decoración.
2. O traballo incluírá obrigatoriamente na portada, ou na marxe superior dereita, no caso de non ter portada, a seguinte información: título, nome e curso do alumno/a, materia e avaliación á que peretence o exercicio.
3. Deberán deixarse marxes: esquerdo e dereito 3 cm, inferior e superior 2,5 cm; pois dan limpeza ao escrito e permiten facer anotacións ao profesorado. Ademais débese garantir a distancia adecuada entre as liñas e procurando que estean rectas, para o que se recomenda o uso de padróns, e non esquecer borrar o lapis.
4. É importante realizar borradores previos. Débese coidar a letra e a limpeza na presentación definitiva. Deben procurar non abusar do uso de pinturas ou cintas correctoras.
5. O parágrafos deben comezar cunha sangría de 1 cm.

6. As follas que se entreguen deben estar obrigatoriamnete grampadas e numeradas a partir do índice.
7. Se o traballo require portada, deberán deixar unha folla final en branco.
8. Cando aparezan citados os nomes de títulos de obras literarias ou publicacións, deberán estar subliñados. No caso de tratarse de partes desas obras (capítulos, poemas, artigos...) deberán aparecer entre comiñas.
9. Os traballo deberá constar de :
  - a) Portada (con título, nome do autor/a e curso)
  - b) Índice
  - c) Corpo
  - d) Bibliografía

## **TRABALLOS A ORDENADOR**

1. Os traballos a ordenador constarán dos seguintes apartados:
  - a) Portada: debe conter o título do traballo (no centro da folla con maior tamaño que o resto) e o nome e curso da/o alumna/o na marxe inferior dereita.
  - b) Índice: nel recóllense todos os capítulos e apartados do traballo indicando a páxina en que se atopan.
  - c) Follas de desenvolvemento: escritas por unha soa cara e respectando unhas marxas determinadas (por defecto esquerdo e dereito 3 cm, inferior e superior 2,5 cm.). Os tipos de letra máis habituais, son calibri, arial e verdana (12 para o corpo, 14/16 para subtítulos e 18 para títulos), un interliñado de

1,5 é o adecuado.

Deberá evitarse o abuso de letras en negriña, cursiva, cores... que entorpecen a lectura.

d) Cada capítulo ou apartado principal destacarase en negriña e comezará páxina nova.

e) As páxinas deberán numerarse empezando a contar desde o índice.

f) Introducción e conclusión: Tras o índice debe aparecer unha introdución que xustifique e presente o traballo; ao final aparecerá unha conclusión a modo de peche.

g) Bibliografía: Ao final do traballo aparecerá a/s fonte/s ás que se acudise en busca de información, citándoa da seguinte forma:

### 1. LIBROS

APELIDO, Nome, *Título*. Número de edición. Lugar de edición: Editorial, ano de edición. (páxinas consultadas)

**ÁLVAREZ GARCÍA, P. Una historia imaginada. 2ªed. Madrid:alianza, 2012**

### 2. PUBLICACIONES PERIÓDICAS

*Título da publicación*. Volume, Número. Lugar: Editorial, data do volume consultado . (páxinas consultadas)

**Condé Nast Traveler. Xaneiro, 2017. Número 102. Madrid: Ediciones Condé Nast, 2012**

### 3. ARTIGOS

APELIDOS, Nome. "Título do artigo". Publicación, ano, número, páxinas.

**DEL RÍO, Sandra. "Patagonia infinita". Conde Nast Traveler, Xaneiro, 2017, nº 102, p. 56-75**

Se a consulta se realizase a través de Internet, deberá indicarse a seguinte información:

NOME DA PÁXINA, url (data de consulta)

h) Deberá evitarse en todo momento o plaxio, polo que as ideas de autores/as deberán aparecer referencias mediante citas, que aparecerán entre comiñas e en cursiva, co nome do autor/a e da obra a continuación. Cando a cita teña unha extensión superior a un parágrafo, deberá aparecer nun parágrafo independente cunha letra de menor tamaño que o corpo (tamaño10).

Deberá respectarse tamén a propiedade intelectual das imaxes, no caso de habela, citando a súa autoría e evitando o uso de imaxes con dereitos de autoría.

i) As follas que se entreguen deben estar obrigatoriamente unidas con grampas e levar unha folla final en branco.

l) Igual que nos traballos á man, é aconsellable a realización dun borrador

OS PRAZOS INDICADOS POLO PROFESORADO SERÁN DE OBRIGADO CUMPRIMENTO. A ENTREGA DE TAREFAS FORA DE PRAZO SERÁ PENALIZADA

## **NORMAS DE PRESENTACIÓN DE EXAMES**

Debe entregarse exclusivamente en bolígrafo azul ou negro, nin lapis, nin cinta ou pintura correctora.

É conveniente deixar marxes e espazo suficiente entre liñas para facilitar a corrección e facer unha letra lexible.

Na medida do posible, evítaranse as tachas.

É obrigatorio sangrar os parágrafos 1 cm.

Non se utilizarán padróns, só as follas do exame.

As páxinas estarán sempre numeradas e todas levarán o nome da/o alumna/o

Buscarase sempre a orde e a limpeza. Se, unha vez contestada unha pregunta, quixese aportarse nova información, empregárase o mesmo mecanismo das notas a pé de páxina: colocárase un asterisco na pregunta que queremos continuar e a información nova poñeráse nun folio á parte. No caso de que isto suceda con máis dunha pregunta, os asteriscos deben ser numerados (\*1 / \*2...) Para facilitar a corrección do exame.

En caso de non respectar a orde das preguntas, deberá especificarse claramente o número e apartado ao que corresponde cada resposta.

O ALUMNADO DEBERÁ PROCURAR FUXIR DAS RESPOSTAS TELEGRÁFICAS E CREAR ORACIÓNS COMPLETAS.

## **ANEXO III**

### **MODELO DE ENQUISA EMPREGADA PARA A REVISIÓN DO PROXECTO (ENQUISA DE REVISIÓN DO PROXECTO LECTOR DE CENTRO CPI P. CABO DA AREA 2016)**

#### **En que nivel impartes clase?**

- Infantil
- Primaria
- Secundaria

#### **Uso a biblioteca do centro para**

- Uso docente
- Uso persoal
- Ambos

#### **Que recursos utilizas para uso persoal?**

- Xornais e revistas
- Libros de lectura
- Libros de consulta
- CDs e DVDs
- Ordenadores

#### **Que recursos utilizas para as clases?**

- Ningún
- Libros de lectura obrigatoria
- Libros para a Hora de ler

- CDs ou DVDs
- Ordenadores
- Proxectores
- Libros de consulta
- Actividades

**Vas co teu alumnado á biblioteca como apoio ás clases?**

- Nunca
- Ás veces
- Con frecuencia

**Asegúrate de recomendar ao alumnado documentos que poidan atopar na biblioteca?**

- Si
- Non
- Ás veces

**Que opinas sobre a composición de fondos da biblioteca?**

**Coñeces a páxina web de Meiga?**

- Si
- Non

**Sabes buscar no catálogo online?**

- Si
- Non

**Gustaríache que a biblioteca impartise formación sobre o uso**

**da web de Meiga?**

- Si
- Non

**Que outra información che gustaría recibir da Biblioteca?**

**Como valoras as guías de lectura?**

**Valora as exposicións e a cartelería producidos pola biblioteca.  
Tes algunha aportación?**

**Cres que a biblioteca debería confeccionar documentos sobre a  
busca de información e educación documental?**

- Si, penso que é importante ter criterios unificados
- Non, cada profesor/a debe explicar como o quere el/a

**Interesaríache formar parte dun programa de Formación do  
profesorado durante o curso que vén sobre bibliotecas e a  
mellora da competencias?**

- Si
- Non
- É posible

**Consultas os recursos informativos que pon á túa disposición a  
biblioteca?**

- Carteis
- Trípticos
- Web



- Aula virtual
- Guías de lectura
- Exposicións temáticas

**En que actividades de fomento da lectura participaches este ano?**

**Cales repetirías para o curso que vén? Cales Non? Tes outras propostas?**

**Que tipo de lecturas che gustaría traballar?**

**Valora os seguintes aspectos do 1 ao 5: Horario de apertura**

1 2 3 4 5

**Préstamos**

1 2 3 4 5

**Instalacións**

1 2 3 4 5

**Organización da sala**

1 2 3 4 5

### **Recursos TIC dispoñibles**

1 2 3 4 5

### **Xestión**

1 2 3 4 5

### **Fondos**

1 2 3 4 5

### **Actividades**

1 2 3 4 5

**Que debe mellorar o alumnado á hora de ler? Como?**

**E á hora de escribir? Como?**

**Que tipo de lecturas deberían aumentar?**

**Estarías disposto a dedicar máis tempo á lectura nas clase?  
Como?**

**Traballas por proxectos en clase? Estarías disposto a facelo?**

**Das instrucións o alumnado para a busca e o adecuado tratamento da información?**

**De que maneira inclúes a lectura na túa programación da materia?**

**Como recolles na programación a colaboración co proxecto lector?**

**Traballas en clase textos xornalísticos?**

- Si
- Non

**Usas nas clases recursos audiovisuais?**

- Si
- Non

**Ensinas ao alumnado a buscar información en medios escritos?**

- Si
- Non

**Gustaríache compartir ou recomendar algún material informativo para os fondos da biblioteca? cal?**

**Gustaríache que se implantase como nova materia de libre**

**configuración unha sobre tratamento da información?**

- Si
- Non
- Prefiro outras

**Estarías interesado en traballar na creación dunhas liñas xerais para a ensinanza conxunta e gradual da lectoescritura?**

- Si
- Non

**Hai algunha outra cousa que cambiarías no proxecto lector do centro? Cal?**

**Consideras que hai que expurgar algún material?**

**Tes algunha recomendación de compra para o curso que vén?**

**Que che parece o tema..... para o traballo conxunto do próximo curso? Tes algunha outra proposta?**

**Queres facer outras aportacións que che pareza importante recoller no proxecto ou no plan anual de lectura?**

## **ANEXO IV**

### **HORA DE LER**

En primaria 20 minutos diarios antes do recreo. Deberá completarse coas propostas de fomento de lectura das programación para chegar polo menos á media hora diaria establecida por lei.

En secundaria 50 minutos semanais de forma rotativa, de modo que estea repartida equitativamente entre todas as materias.

### **HORARIO ESO: PLANTILLA DE EJEMPLO**

## **ANEXO IV**

### **PROPOSTA DE ITINERARIOS DE ESCRITURA PARA CADA UNHA DAS ETAPAS:**

#### **ITINERARIO LECTOR PARA A ETAPA DE INFANTIL**

*Somos amigos?* ED. Kalandraka

*¿Qué hace un cocodrilo por la noche?* ED. Kókinos

*O monstro de cores* ED. Flamboyant

*Una montaña de amigos* ED. Kókinos

*O segredo de Flora* ED. Embora

*Un libro* ED. Kókinos

*¿Jugamos?* ED. Kókinos

*La ovejita que vino a cenar* ED. Beascoa

*Voy a comerte* ED. Kókinos

*Vamos a bailar* ED. Kalandraka

## **ITINERARIO LECTOR PARA A ETAPA DE PRIMARIA**

### **LECTURAS POR NIVEL:**

#### **1º CICLO:**

*Perico o cangrexo.*

*Álvaro a su aire.*

*Feliz feroz: o lobiño riquiño*

*Pimpín e dona gata.*

#### **2º CICLO:**

*O avó de Pipa.*

*Mumú.*

*Las aventuras de Undine.*

*A fábrica de chocolate.*

*Marcopola 1, 2,3 e 4.*

*O país dos mandóns.*

*Una feliz catástrofe.*

*Arturo y Clementina.*

*Cambiache o conto.*

#### **3º CICLO:**

*Querido hijo: estás despedido.*

*El amuleto de Yoruba.*

*El viaje de Nicolás.*

*O dedo máxico.*

*Cos pés no aire.*

## **ITINERARIOS DE LECTURAS RECOMENDADAS POR CURSOS PARA A ETAPA DE SECUNDARIA:**

### **1º ESO**

#### **LINGUA CASTELÁ**

*El profesor de música*

*Tengo el aura un poco gris*

*Querido hijo, estás despedido*

**LECTURAS COMPLEMENTARIAS:**

*Nata y chocolate*

*Palabras de caramelo*

*Otra vida para Cristina*

*Los cinco en la granja Finistone*

*Kakfa y la muñeca viajera*

*Las aventuras de Tom Sawyer*

*EL asesinato de Pitágoras*

*Matilda*

*La emperatriz de los etéreos*

*La historia interminable*

*El pequeño Nicolás*

#### **LINGUA GALEGA**

*Megatoxos*

*Cando petan na porta pola noite*

*O raio veloz*

*O misterio das badaladas*

*Fiz nos Biosbardos*

*Historia da lingua galega (en BD)*

*As flores radioactivas*

*Memorias dun raposo*

*O Principiño*

*Contos de Reis e Nadal*

*Os soños na gaiola*

*Rapazas*

*A filla do ladrón de bicicletas*

*Retrincos*

#### **HISTORIA**

*El clan del oso cavernario*

*A volta ao mundo en 80 días*

*Cuentos y leyendas del antiguo Egipto*

*Dioses y héroes d la mitología griega*

*Astérix*

#### **FRANCÉS**

*C'est chouette la vie!*

#### **INGLÉS**

*Nurse Matilda*

*Tarzan of the Apes*

*All About Britain /All About Australia*

#### **MATEMÁTICAS**

*El palacio de las cien puertas*

### **2º ESO**

#### **LINGUA CASTELÁ**

*Diario de Ana Frank*



*Intercambio con un inglés*

*La música del viento*

*Nunca seré tu héroe*

LECTURAS COMPLEMENTARIAS:

*Las lágrimas de Shiva*

*La hija de la noche*

*El valle de los lobos*

*Los fantasmas del paraíso*

*Mentira*

*Percy Jackson y el ladrón del rayo*

*El misterio de la cripta embrujada*

*Zara y el librero de Bagdad*

*Relatos de fantasmas*

*Caperucita en Manhattan*

**LINGUA GALEGA**

*Pel de lobo*

*A expedición do Pacífico*

*Galicia encantada*

*Memorias dun neno labrego*

*Dos arquivos do trasno*

**3º ESO/PMAR**

**LINGUA CASTELÁ**

*El sabueso de los Baskerville*

*El príncipe de la niebla*

*El gato negro y otros cuentos de horror* *La Celestina*

LECTURAS COMPLEMENTARIAS:

*Otra vuelta de tuerca*

*El escarabajo de oro*

*La profecía del abad negro*

*Relatos de un naufragio*

*La ciudad de las bestias*

*La piel de la memoria*

*Diario de Ana Frank*

*A Mansión dos Pampín*

*Sari soñador de mares*

*Dos arquivos do trasno*

*A fiestra valdeira*

*As rúas do vento ceibe*

**HISTORIA**

*Cruz del Sur*

*La espada y la rosa*

*El libro de las maravillas de Marco Polo*

**FRANCÉS**

*Chiens et chats!*

**INGLÉS**

*A Christmas Carol*

*Tutankhamun*

*All About Scotland/ All About the USA*

**MÚSICA**

*¿Sabes que te quiero?*

**MATEMÁTICAS**

*El diablo de los números*

*El palacio de la noche eterna*

*Rebeldes*

*Las aventuras de Huckelberry Finn*

*Fuenteovejuna*

**LINGUA GALEGA**

*Erros e tánatos*

*Que me queres amor?*

*Morning Star*

*Diario vermello de Carlota*

*Diario vermello de Flánagan*

*Anagnorise*

*A torre dos Mouros*

*Os lobos de Moeche*

*A memoria da chuvía*

*O pintor do sombreiro de malvas*

*Makinaria*

*Comedia bífida*

*A memoria da choiva*

## **FRANCÉS**

*Le roi Arthur et les chevaliers de la table*

*ronde!*

## **INGLÉS**

*Two Explorers: Marco Polo and Roald*

*Amudsen*

*A Sherlock Holmes Collection/ Sport*

*Stars*

*All About Ireland*

## **4º ESO**

### **LINGUA CASTELÁ**

*Rimas y leyendas*

*Marianela*

*Cuatro corazones con freno y marcha*

*atrás*

LECTURAS COMPLEMENTARIAS:

*Crímenes exquisitos*

*La mansión de los abismos*

*La ecuación de Maupassant*

*Como la sombra que se va*

*Maribel y la extraña familia*

*Historia de una escalera*

*Hombres buenos*

*La medalla de ámbar*

*Busco plaza de aprendiz*

*Just William (PMAR)*

*An Eskimo Adventure (PMAR)*

*The Canterville Ghost (PMAR)*

## **HISTORIA**

*La vuelta al mundo de un forro polar rojo*

## **MÚSICA**

*La historia y la música más bella de todos los tiempos*

## **MATEMÁTICAS**

*El asesinato del profesor de Matemáticas*

## **FÍSICA E QUÍMICA**

*Todo es cuestión de Ciencia*

*¿Por qué la nieve es blanca?*

*¿Por qué el cielo es azul?*

*El talento de Mr. Ripley*

*El escarabajo de oro*

*Los crímenes de la calle Morgue*

*Crónica de una muerte anunciada*

*El poso amargo del café*

*El Jarama*

*Nada*

*Cuentos completos (de Cortázar)*

*Luces de Bohemia*

*Zalacaín el aventurero*

## **LINGUA GALEGA**

*Un ollo de vidro*

*Cousas*

*A esmorga*

*A praia dos afogados*

*Os vellos non deben de namorarse*

*Asústate Merche*

*Poetízate*

*Vento Ferido*

*A man do diaño*

*Conta saldada*

*As rulas de Bakunin*

## **HISTORIA**

*Enderezo descoñecido*

*Maus*

*Persépolis*

*Gorazde*

*Los surcos del azar*

## **INGLÉS**

*People Who Changed the World*

*The Curious Case of Benjamin Button*

*All About South Africa*

## **FRANCÉS**

*La Tulipe Noire*

## **MÚSICA**

*La poesía del Jazz*

## **MATEMÁTICAS**

*El hombre que calculaba*

## **CULTURA CIENTÍFICA**

*Pó de estrelas*

*Os dados do reloxeiro*

*A ciencia no puntodeMira*

*Alicia en el país de la evolución,*

*Mi querido, mi viejo, mi amigo: cosas  
de la Ciencia*

*Neurociencia para Julia*

*La evolución de Calpurnia Tate*

## **FÍSICA E QUÍMICA**

*Todo es cuestión de Ciencia*

*¿Por qué la nieve es blanca?*

*¿Por qué el cielo es azul?*

## ANEXO VI

### DOCUMENTOS SOBRE A XESTIÓN CON MEIGA

**Tras a formación recibida, descubrimos que había unha serie de aspectos da base de datos que precisaban ser revisados, especialmente catro:**

**SECCIÓN:** non debe corresponderse coas materias, senón co tipo de usuario recomendado para o documento.

Neste sentido, cómpre recordar que na sala de secundaria a única distinción que se fai é entre primeiro e segundo ciclo da ESO e lecturas para adultos nos libros de narrativa galega e castelá. Esta distinción faise visible mediante unha etiqueta verde no lombo dos libros que serve para facilitar a súa colocación nos andeis.

**AUTOR E AUTORIDADE:** pois hai moitos libros (todos aqueles non fichados con datos de REBECA) nos que falta dar de alta aos autores/as como autoridades.

**MATERIA:** sería interesante engadir algunha indicación sobre o contido do libro, pois pode facilitar futuras buscas temáticas (para facer exposicións, por exemplo)

Por todo isto, o equipo de ESO reuniuse e decidiu que para que a unificación da base de datos á que se procedeu o ano pasado puidese funcionar correctamente deberíamos comezar a revisala e reparala antes de seguir avanzando. Aproveitando, ademais, para organizar os documentos seguindo a CDU reducida proposta pola Asesoría de Bibliotecas.

[http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/files/Proposta\\_2007.pdf](http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/files/Proposta_2007.pdf)

Por tanto, para o apartado **SIGNATURA 1** seguiremos a seguinte táboa:

[http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/files/Taboacores\\_06.pdf](http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/files/Taboacores_06.pdf)

Ata o de agora non parecía factible volver repetir os tellos de todos os documentos da base de datos que chegan xa aos 4800; mais, dado que hai alumnado e profesorado externo ao equipo de biblioteca que amosou o seu interese por axudar voluntariamente na xestión, parece máis factible abordar esta revisión, para a cal seguiremos as instrucións que nos proporcionou no curso Begoña López Soto e que aparecen resumidas no seguinte site:

<https://sites.google.com/site/proxectomeiga/home>

Porén, como vén sendo usual que durante o curso haxa problemas para descargar os datos de REBECA e en moitas ocasións tampouco aparecen os

documentos xa fichados na base de datos do Meiga para poder importalos, pareceunos importante establecer unha serie de pasos e datos mínimos que deberán fornecerse no caso de ter que fichar á man:

## COMO FICHAR LIBROS Á MAN?

1. Abrimos o programa (USUARIO: ADMIN; CONTRASINAL: ADMIN01)

2. Imos a Xestión e desde aí a Rexistro

Na primeira pantalla "Xestión" cubrimos:

Título Con maiúscula só na primeira e sen lexicalizar os artigos, preposicións...

Autor Con maiúscula só na primeira e na orde normal, primeiro nome e despois apelido

Lugar

Editorial

Ano

Procedencia Comezaremos a incluír este dato para facer estatísticas sobre os fondos da biblioteca (PLAMBE, orzamento da biblioteca, doazóns da Xunta ou doutras institucións, cesións dos departamentos...)

Despois dámoslle a gravar e dámos o número de rexistro, que apuntamos na páxina do ISBN, preferentementena esquina superior esquerda, e dámoslle a aceptar. Pregunta: "Desexa seguir catalogando?" e dámoslle a SI

Na segunda pantalla cubrimos:

IDIOMA spa: español, glg: alego, fre: francés, eng: inglés... e prememos ENTER (un dato moi interesante para as estatísticas das memorias)

AUTOR/A: Témosto que dar de alta como autoridade, para iso pulsamos sobre o nome en "títulos/autores" e ábrese unha ventaiña, na cal temos que pulsar "Cambiar" deberemos escoller o tipo de autor/a (Autor/a, Coordinador/a, Coautor/a, etc.) no primeiro despregable e no segundo se é persoa, institución... Nesta primeira casa superior importa o nome na orde en que o introducimos na páxina de Xestión.

Dentro desta mesma pantalla na que estamos deberemos premero botón da esquina inferior esquerda "Autoridades" co que abrimos unha nova pantalla na que deberemos buscar o primeiro apelido do autor/a, se non aparece introducímolo na caixa inferior á de buscar e premeremos primeiro "Engadir" e despois "Capturar"; asegurándonos antes de que están primeiro os apelidos e despois o nome. Por último, antes de pechar a pantalla de Autor/a debemos pulsar no cadro de "Encab. Principal" e dámoslle a aceptar. Deste modo dámolo de alta como Autoridade e aparece nas buscas do OPAC Meiga.

Se houbese máis autores ou quixésemos incluír coordinadores, ilustradores, etc... Dámoslle a "Engadir" seleccionamos a funcion de cada un e seguimos os pasos anteriores e aceptamos.

MATERIA: é recomendable incluír algún dato sobre os contidos da obra

SIGNATURA 1 seguimos a CDU reducida e cando os datos estean incluídos prememos ENTER

**CDU ESO:** SEGUIMOS A PROPOSTA DE CDU SIMPLIFICADA DA ASESORÍA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES [http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/files/Taboacores\\_06.pdf](http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/files/Taboacores_06.pdf)

Distiguiremos entre galego e castelán nos seguintes casos:

82-PG /82-PC Poesía

82-TG/ 82-TC Teatro

82-NG/ 82- NC Narrativa

82- EG/82-EC Ensaio

Na banda deseñada estarán xuntos todos os idiomas: 82-C

**CDU PRIMARIA:** TABOA SIMPLIFICADA DA CDU

0: Xeneralidades, dicionarios e enciclopedias

1: Valores

2: Relixión

3: Ciencias Sociais (economía, dereito, educación....)

5: Ciencias Naturais e matemáticas

58 Plantas

59 Animais

6. Ciencias aplicadas e medicina (corpo humano, agricultura, industria...)

7. Arte.Música.Deportes. Espectáculos

Distintivo de cores segundo idades

Azul: Primeiros Lectores (Infantil, 1º e 2º)

Amarelo: Lectores en marcha (3º e 4º)

Verde: Lectores expertos (5º e 6º)

8. Literatura (Distiguiremos con G/C a lingua)

82-P Poesía

82-T Teatro

82-N Narrativa

82-C Cómico

9. Xeografía, biografías e historia

91 Xeografía. Viaxes

92 Biografía

SIGNATURA 2 escribimos en maiúscula as tres primeiras letras do primeiro APELIDO do autor/a e pulsamos ENTER

SIGNATURA 3 escribimos as tres primeiras letras do título da obra en minúscula (sae por defecto, pero hai que comprobar que non copiamos os artigos, preposicións ou numerais, a menos que sexan significativos (EX: *101 Dálmatas*)) e ENTER

SECCIÓN: Sae un despregable no triángulo que hai ao lado da caixa de escrita e temos que escoller entre as que aparecen o tipo de usuario esperable para o documento e pulsar ENTER

UBICACIÓN: BIBLIOTECA en maiúsculas e ENTER

Polo de agora seguimos fichando os documentos das salas de biblioteca, mais a base de datos está destinada a centralizar todos os recursos do centro, polo que cando empecemos a fichar documentos doutras estancias deberemos especificar a ubicación (laboratorio de ciencias, aula de idiomas, etc...)

Por defecto saen xa cubertos os apartados

PRÉSTASE: SI

BAIXA: NON

Estes deberemos modificalos unicamente en caso de que algún documento sexa só para consulta na sala, nese caso en "péstase" debe aparecer "NON", ou se estamos a facer expurgo. Neste último suposto, decidiuse en expurgos anteriores conservar o rexistro no histórico, mais variando os seguintes apartados:

PRÉSTASE: NON

BAIXA: SI

UBICACIÓN: EXPURGO

E por último selar coa palabra "expurgo" a páxina do ISBN

O último paso que non debemos esquecer unha vez que temos fichado o libro ou feito algún cambio no rexistro é darlle ao botón de "gravar", pois doutro modo perderemos o traballo feito.

3. Se pechamos esta pantalla volvermos á anterior para fichar o seguinte libro.

4. Hai que selar os libros na páxina do ISBN, na 15, e noutras dúas polo medio e o final e no lateral .

5. Debemos pegar unha folla nas primeiras páxinas para poder anotar nela a data de devolución.

6. Na sala de secundaria no caso de que sexa un libro para 1º ciclo de ESO pegaremoslle xa a etiqueta verde no lombo.

7. Colocamos o documento no apartado da estantería que pon "sacar etiquetas". (No caso de que non fixésemos os apartados 4,5 e 6 pero si competásemos o proceso de fichado no ordenador colocarémolos en "selar e etiquetar")

8. Cando haxa libros suficientesno andel, o último paso será sacar no Meiga os tellos e no programa Etiquetas 7z os códigos de barras e pegalos: o tello no lombo e o código na contracapa.

#### FICHAR LIBROS IGUAIS

Nos que haxa varios exemplares iguais para fichar: Na pantalla de catalogación (a segunda) introducimos no campo rexistro o número do que xa temos fichado e dámoslle a copiar, anotamos o novo rexistro na páxina do ISBN e dámoslle a "gravar". Logo podemos pasar directamente ao punto 4.

#### FICHAR DISTINTOS TIPOS DE DOCUMENTOS:

Os mais usuais son:

Material textual (libros)

Gráficos proxectables (películas, DVDs, CD-ROMs..)

Gravación de son musical ou non musical (discos, Cds...)



# **BIBLIOGRAFÍA E OUTRA DOCUMENTACIÓN CONSULTADA E DE REFERENCIA**

MORENO, V. , *Lectores competentes*, Madrid, Anaya, 2004.

JOVER, G. , *Un mundo por leer*, Octaedro, 2007

ANA MARÍA MARGALLO: "FORMA LECTORES CON TALENTO"

<http://www.fcbonald.com/fileadmin/pdf/FORMA-LECTORES-CON-TALENTO-anamariamargallo.pdf>

VÍCTOR MORENO BAYONA: "LECTORES COMPETENTES"

[file:///C:/Documents%20and%20Settings/yoli/Mis%20documentos/Downloads/lectores\\_competentes\\_moreno\\_bayona.pdf](file:///C:/Documents%20and%20Settings/yoli/Mis%20documentos/Downloads/lectores_competentes_moreno_bayona.pdf)

ASESORÍA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES: "PROXECTO LECTOR DE CENTRO"

<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/?q=node/94>

AULA ARAGÓN: "PLAN LECTOR LOMCE"

[http://aularagon.catedu.es/materialesaularagon2013/formacion\\_lomce/bloque\\_2/Modulo\\_2\\_3/plan\\_lector\\_lomce.html](http://aularagon.catedu.es/materialesaularagon2013/formacion_lomce/bloque_2/Modulo_2_3/plan_lector_lomce.html)

GT ALFIN: "INTEGRACIÓN DE LAS COMPETENCIAS ALFIN/AMI EN EL SISTEMA EDUCATIVO"

[http://www.ccbiblio.es/wp-content/uploads/Informe\\_GT\\_ALFIN.pdf](http://www.ccbiblio.es/wp-content/uploads/Informe_GT_ALFIN.pdf)

INTEF : "ALFIN"

[http://www.ite.educacion.es/formacion/materiales/8/cd\\_2013/m4\\_4/la\\_alfabetizacion\\_informacional\\_alfin.html](http://www.ite.educacion.es/formacion/materiales/8/cd_2013/m4_4/la_alfabetizacion_informacional_alfin.html)

ANA BLASCO OLIVARES Y GLORIA DURBAN ROCA: "La competencia informacional en la enseñanza obligatoria a partir de la articulación de un modelo específico"

[https://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/files/Blasoc\\_Durban12.pdf](https://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/files/Blasoc_Durban12.pdf)